

CASTOR MENDEZ BRANDON

N.º 801

# FRANGULLAS



1910

IMP. "LA EDITORIAL",  
ORUÑA

ADEMIA  
EGA  
UÑA


a

REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

269


Biblioteca

A la Real Academia Galle-  
ga

El Autor  


Ourense Octubre de 1910





CASTOR MÉNDEZ BRANDÓN

---




*Frangullas*



1910

IMP. LA EDITORIAL  
ORENSE



I...!

Cendras d'os País amados, qu'eu relembréi con pranto  
n'o corazón y-ós ollos, cando á escrebir nacín;  
Sombras d'aquiles Vellos que me quixerón tanto,  
vinde amorosas, vínde!... vínde volver por min.


Cando apañar debía d'a sazoada froita  
s'es comezase a tempo séus céidos a facér,  
véxome case un vello y-en despeitada loita  
co' que por mais que fago é fago... ¡non pode ser!

Pro nin por eso á brega costante e fadigosa  
reñuncio por agora, que alenta inda a ilusión;  
conto con vos Cendriñas, conto co'a axuda vosa;  
conto co'as ánsias nobres, d'o rexo corazón.

Vínde queridas vínde ¡Chegade pasenijo  
y-o peito m'envolvede n'o manto d'a piedá;  
dáime a mauciña, dáimal! cal cando era eu meniño  
y-o Reino me guiade, ó ide á Poesía está.

Que si non chego a tempo pr'a lle arrincar favo: es  
esa Deidade esquia para outorgar seu don,  
vosha compaña sempre m' ha precurar d'as fróres  
d'o seu xardín espréndido, algun presente bon.

Vóu póis Cinsiñ s Santas, por vosha mau levado  
d' ise verxél frorido husmeare hastr'ós rincós;  
si teño sorte agora, si fose afertunado  
y-on carabél topase, xa oferto queda a vós.



## IMPEÑITENTE

---

Fai un ano ben comprido  
que revoltas dando o Demo,  
pr'a facér unha d'ás suas,  
escolléume a míñ de nécoro,  
meténdome o frús n'o corpo  
de qu'entendia de versos,  
cando en toda a miña vida  
nin un verso ouvera feito,  
y-a vida miña n'é curta,  
pois vou sendo un velloqueiro.

---

Coma con zoquiños novos  
d'o trinque, e novo fatelo,  
pol'as festas estreando  
toupan de fonchos os nenos,  
estralaba eu de contente  
cando os corenta xa feitos,  
riba de brancos papêres  
escarabellando a éito,  
foron saindo de presa  
uns ringuilós pequeneiros,  
con desfogo bateados  
c'oa pompa e nome de «versos»,  
pro que d' eso iles non tiñan  
pol' as contas, nin o cheiro.

---

A pubricalos tentóume  
o Diaño c'os seus consellos.

¡Nunca tal cousa eu fixera!  
poil'o pago foi compreto;  
índa m'escoce uxe o lombo  
c'oa palliza que me deron.

Tantos páus en míñ caíron  
des que os despalléi n'os ventos  
d'a opinion que sempre azoutan  
sin piedade nosos féitos;  
tantisêma foi a bulra  
que as xentes díles fixeron,  
que dende enton congoxado,  
de remordementos cheo,  
non tiña xiquera folgos  
pr'a me mirar n'un espello,  
(hastra de topar c'oa cara  
paresce que tiña medo,.)  
nin ansias de me deitare,  
nin por erguerme deseeyos,  
nin tiña paz pr'a dormire,  
nin consolo, nin sosego,  
furtándome hastra d'a sombra  
e fuxindo de míñ mesmo;  
o fin, non tiña dia a modo,  
nin tiña xa, noite a xeito.  
Si contas tiña con ele  
paguéillas d'abondo o Demo.

Leútore, e ben; de seguro  
que haſ dicir pr'os teus adrentos:  
si tanto a páus te mallaron,  
si tanto a bulra fixeron

todos cantos te conocen,  
 y-ós amigos os pirmeiros,  
 (que a amistade meu amig )  
 non perdoa certos feitos)  
 por te metere arrichado  
 a espigar n'os campos ermos,  
 d'o teu muchado miolo  
 n'o que nos riáscaen nin fentos,  
 canto e más as meigas froles  
 que xentiles froleceron,  
 n' esa frora esprendorosa  
 d'os nosos vates gallegos,  
 parésceme a mí que agora  
 non volverás a facelo,  
 y-ós pauciños que atrapache  
 hanche servir d'escarmento.

Parés que t' estou ouvindo  
 leutor falar d' iste xeito.

Hay cousas que non s'entenden  
 nin espricándoas mesmo;  
 pro éche o caso leutore  
 que nádia n'o mundo é prefeuto,  
 y-éu tampouco o son, meu ánxele,  
 por más que dese耶 selo.

O caso é, sin dar más voltas,  
 nin andar con arrodeos,  
 pois si s'atravesa un ñudo  
 ou deixalo óu desfacelo,  
 o caso é leutor amado  
 pois eche o caso qu'... (tremo,  
 arastoras como treman

os condenados n'o inferno;)  
 eche o caso... (ay! que vergoña  
 de contalo agora teño!  
 y-eso que limpéi a y-alma  
 confesándollo xá o Crego!)  
 éche... éche... (jasús! que frema  
 se me puxo no gargueiro!)

¡Ejen... (va pur Dios!) e o caso  
 amado leutore egrexo,  
 que... volvin, volvin pecare!  
 son un sinvergonza: séino;  
 ¡perdón! ¡perdón! n'éi volvere!  
 n'éi volver tras d'os loureiros,  
 pr'a non topar cal d'a y-outra  
 co'aquela vara de freixo,  
 que tantismos cardeñales  
 m'aseñalou n'os lombelos!

Pro... pr'axuntar esta broza  
 de maraballas e beldrios,  
 úneas prantas que medran  
 n'istes meus campiños ermos,  
 pasei por longos traballos  
 sin folgar meses inteiros,  
 aunque os mais d'íles folgando  
 s'éi dicir verdá paséinos,  
 pro n'o cabo sudéi moito  
 pr'a precurar algún grelo,  
 antre tanta maraballa,  
 y-entre tantisemo beldro  
 eiquí y-alí despallados  
 ¡n'istes meus campiños ermos!

Si como dí un meu veciño

o mal agora está feito,  
 que por voltas que ll'un dea  
 si está de Dios ha de selo,  
 outra vez vou cubizoso  
 tras d'o xarabe de freixo,  
 que si ten o incomeñente  
 de me rachár o peleixo,  
 tamén escorrenta a podre  
 que m'enserruxa o celebro  
 d'a cabeza, que o coitado  
 de ferruxe está recheo.

Leutore! a teu bon xuicio  
 meu probe espirto encomendo,  
 si che non prace iste libro  
 que o teu esame someto  
 ¡pleña en min, hastra crebare  
 tod'ós páus d'un rebolledo!

Céibamos riba d'o lombo  
 sin piedá nin miramentos!

Non me déixes oso sano  
 nin n'o seu sitio un artello.

Si d'esta salio e non morro  
 dende agora un xuramento  
 che, fago, de non volvere  
 más téimas a ter c'os versos.



## Melióribus annis

¡Xuventude! dourada Xuventude!  
que te fuches deloíndo tan axiña,  
déix' amante ésta probe musa miña,  
que d'os feitizos teus, cante a virtude.

—  
¡Alborada xentile! a xente nova  
d'un mistereoso fogó enches as veas,  
que lostra e doura a éito esas cadeas  
que apreixados n'os teñen contra a coba.

—  
Fuches espello ti de limpa lúa  
loumiñoso encadrando o meu sembrante,  
n'uns tempos que fuxiron o istante,  
lembro eterno deixando d'a lus tua.

—  
Fuches a meiga ti tan feíticeira,  
que n'un berce purísemo arrulando  
meus sonos de meniño, ias flando  
n'a roca d'o pracér a vida inteira.

—  
Fuches Fada con mimo gasalleiro  
despallando pr'a min tanto feitizo,  
susó o corpo... ¡que feito está un canizo!  
susó a y-alma... ¡que feita está un bulleiro!

N' o alegre tempo teu d'a vile loita  
que empenzoña esta vida tan amada  
nunca a noxa provei, nin pindurada  
n' o álbore d' o mal eu vin a froita.

Choutando e rindo sempre n' o teu seo  
sin coidar d' o mañán mataba as horas,  
que fuxían cal rulas voadoras,  
deixando o corazón de encantos cheo.

D' o pasado eres ti a lênda míteca,  
soridente xardín n' o que a alma inquieta  
voaba cal toliña volvoreta  
a seu xénio e pracér sin medo a críteca.

Nunca anubradós foron os teus ceos  
por nubaxes nin tréboas de tristura;  
fuches a fonte limpa d' a ventura  
y-ó maniál costante d' os recreos.

Fuches alento, forza, jéralo todo  
n' esta vida! ¡Ouh dourada xuventude!  
Tenra edade d' os soños, d' a saude,  
d' as ledicias que agora hachir non pudo!

Pouco a pouco o teu ceo esprendoroso  
n' o que a estrela idéyal d' o amor locia,  
croberto foi c' a trévoa sempre empía  
d' o delór que firíunos alevoso.

Pouco a pouco ían vindo as negras mágoas  
que teus brancos cendás rachando a éito  
tan de presa limparon o meu peito  
d'o togo aquí que escorrentaba as bágoas.

Xá desfeitas quedaron as guirlandas,  
muchados os cravés, sin follas as rosas,  
d'esas xentís coroas que amorosas,  
tua testa virxinál cinguiran brandas.

Mirradas ou carrombas son as froles  
que fermosas nasceran n'o teu horto,  
parecendo iste agora un campo morto,  
n'o que as cendras so fan d'os meus amores.

O alembrarme d'os tempos en que cando  
cal metóuro pasaches por o ceo  
d'a triste vida miña, ainda creo,  
espaventár o dor que vas ceibando,  
n'o rexo corazon co'a tua ousencia:  
collo alent s; reuño as enerxías,  
pr'os béisos che bicár cal n'outrós dias...  
¡Soño van! ¡Non dou co'iles! soa esperencia  
volve estonces batér n'as miñas portas,  
redobrando arrufada os seus lamentos,  
que se perden n'a presa con que os ventos  
ariousan d'a ilusion as follas mortas!

Sí me crobe hose a míñ o peito doente

co' seu doce tristor malenconía,  
¡quen soubera poñelo en sinfonía  
pr'a consolo d'o mal que agora sente!

—  
;Xuventude, fuxida d'os meus membros  
e morta xa pr'a sempre n'a miñ'alma,  
deixa a musa que vogue oxe n'a calma  
d'o piadoso mar d'os teus reembros!



## A MIÑA SOBRIÑA É AFLILLADA CLOTILDE ROMÁN MENDEZ

Como esas estreññas  
de lus tan pura e cándida  
qu'en crara noite fulxidas,  
xentiles ves brilár,  
así inocentes locen  
n'os ceos sempre lóbregos  
d'a vida, os anos prácidos  
d'a nosa tenra edá.

Sí así como nos vemos  
os seus corpiños lúsimos  
que fixos n'o alto imóviles  
tembrando sempre están,  
a vós tamen lle ouvisemos,  
cen mil subrimes cánticos  
pr'a nos hastra oxe incónitos  
habíámos de escotiar.

¿Qué fan as estreññas  
que n'esainxente bóbeda  
con tan brillantes párpedos  
se ven parpadexár?  
Deténdose un a ollallas  
en ledo amor purísemo,  
e un pouco melancónicas,  
seguro vélas há.

Contentes a seu modo  
brincando están sin trégola  
n'os brazos dolces, únechos,  
da sua amante Nai,  
d'a sabia Natureza  
que fáilles festas íntemas,  
descontra o seo tépedo  
coidando de as chegar.

Seriádes así os nenos,  
si os anos legres, máxicos,  
d'a vosa edade anxélica  
locisen sin cesár,  
brincando sempre puros  
y-amabres com'ós ánxeles,  
como as estrelas cándidas  
n'o seo maternal.



\* \* \*

Amores tan puros  
 qu'eu tiven de neno,  
 ¿Pr'on d' é que fuxistes  
 voando lixeiros?  
 ¿Pr'onde foron aquiles soniños  
 soaves e tenros  
 que arrulábanmea y alma n'un berce  
 d'o qu'eu non me erguía dormido ou desperto?

—  
 ¡Amores, amores!  
 chorados d'un tempo,  
 que fóise pr'a sempre  
 xa más nunca vélo!  
 ¿Cara a donde collestes de presa  
 desaparecendo,  
 que por mais que seguin vosa sombra  
 de dia e de noite con vos non tropezo?

—  
 ¿Porqué me non veñen  
 agora o alento,  
 aquiles sospiros  
 d'un ánzel que meígo  
 y'amoroso, suas aás douradas  
 en min abatendo,  
 marmullaba melosos e brandos  
 n'os tenros oídos con máxico verbo?

{Porqué non os topo  
si tanto os axexo?

{Porqué de min cabo  
xa nunca volveron?

{Porqué qu'óxe de aquelas ledicías  
me resta só o lembro  
que se vai deloindo antre a trévoa  
cada hora mais negra d'ainxuria d'o tempo?

{Porqué as rapaciñas  
que sendo en pequeno  
con lindas olladas  
meigábanme o peito  
si as alcontro en camiño e meus ollos  
contra elas rem xo,  
para mí nunca agora han de ollare  
cando eu para ollallas con forza os espremo?

Eiquí moi a rentes  
a meu caron mesmo,  
parés que me acena  
cativo un espello,  
y-o collelo de presa antre as mans,  
tembrando de medo,  
co'a verdá que inxuriosa me afrixe,  
dín logo o ver prata, n'a cár d'os cabelos.



## A FESTA D' O SAN TROCADO

(Chamada en Celta-nova "a festiña d'os rapaces,,)

¡Tantos anos desandare  
pr'a volver o San Trocado.  
¡Quen poidera!  
d'a festiña a desfrutare  
coma cando atolandrado  
neno un era!

Aínda penso mesmo agora  
romaría tan amada  
t'estar vendo,  
cal si por milagre fora  
cara aquela ed'i pasada  
me volvendo.

O gaitero de Penalta,  
méiga gaita al' soando  
tenramente,  
mentramentres ri e salta  
n'o turreiro choutos dando  
louca a xente.

Os culéiros cheos de froita  
que aliñados en ringleira  
cal soldados,

espertaban rexia loita  
n'os meniños co'a denteira  
d'os coitados.

As rosquiñas que un ichavo  
nos costaban e n'os ollos  
puñan fogo,  
d'as que un era tan escravo  
coma é un probe d'os piollos  
deica logo.

Tempo andado xa levamos  
e índa o lembro vay n'os osos  
cando en riolas,  
as merendas alí ibámos  
a facer tod'ós mocosos  
d'as escolas.

Co' a cubiza mais larpeira  
mercabámos todo canto  
posto a venta,  
nos deixaba a faltriqueira  
ben infrada pr'a ir o Santo  
far a enhenta.

Xuntas todas a pidincha  
pr'a n'un ano o peto enhere  
de cadelas,  
a barriga ter logo íncha  
y-a bursiña, mucha vere,  
xa sin elas.

N'as veciñas carballeiras  
longas pándegas d'avesos  
rapaciños,  
fan ali cabo as siveiras  
entre os toxos y-ós codesos  
ledos niños;

percurando un canto a xeito  
n'as caéiras, fresco, brando,  
limpo e xusto,  
pr'a estumbarnos cal n'o leito  
y-a merendiña ir papando  
ben y-á gusto.

Xa a pracér o niño e solos  
un manté cobria as erbas  
de boa estopa  
pr'a poñér enriba polos  
froita e peixes en conserves  
prato e copa.

Todo enchia unha saqueta  
que gardaba o fondo áinda  
quéixo e roscas  
pr'a mollár ben a palleta  
¡tráise un viño!... que n'os guinda  
coma moscas.

Antre groma, e chirigota  
vai collendo suas vias  
todo aquelo,

¡sin d'o viño quedar gota!  
nín andar con retesias  
pr'a bebelo.

Touparámos co' as farturas  
gullipando coma bobos  
acotío.  
hastra afroxál' ás costuras  
d' os fatelos feitos novos  
con bó fio.

Xogabámos logo ós poucos  
pr' a encostados n' o chan vernos  
a remuiña,  
volvendo choutár cal loucos  
o co' a man un a outro erguernos  
moy axiña;

reblincando y-á porfia  
sin deixarmos un momento  
d' ir e vir;  
de maneira que un vivia  
n' unhas ho'as mais qu' en cento  
sempre a rir.

O aquelár tan ledas mesas  
pr' ós paxáros que hay n' a ombría  
non ser menos,  
viñan logo e ¡con qué presas!  
a xuntar a sua leg ía,  
co' a d' os nenos.

En concertos ferve o vento  
por cantar todos a coro  
concordando,  
ó parleiro seu acento  
co' aquil noso tan sonoro,  
todos piando.

---

Esa tarde tan lembrada  
consumia un n' aquil nío  
case enteira,  
y-armabámos rebumbiada  
pr' a apagar o cramorio  
d' unha feira.

---

Xa que s' ia o Sol deitando  
tod' ás pándegas de nenos  
n' o turreiro,  
atopábanse beilando  
com' os mais, pr' a non ser menos,  
qu' ó primeiro.

---

Ía estando frolecida  
certa pranta que a alma aroma  
d' os pequenos,  
churumándolles a vida  
cando n' o seu peito asoma  
xa de nenos.

---

Cada un sua noiva tiña  
anqu' erámol' os mocosos  
d' as escolas,

y-arrimábas' éla axiña  
pr' a poñernos moy mimosos  
ás parolas.

¡Quen poidera aque!as dôces  
melodias atopare  
que un cantaba!  
as tenriñas, meigas voces  
que un sabía estoncés dare  
cando amaba!

O cheirume recendente  
qu' esprendían esas frores  
fóise indo,  
e deixóunos d' il somente  
grato alembro que antre as dores  
vay fuxindo.

¡Cantos anos un daría  
d' esta vida condenada  
si a contentos  
lle soasen oxe en día  
cal n' a edá qu' é tan chorada  
seus acentos!

Eso xa non pode sér;  
si non pode ser non é  
si un s' empeña,  
temos logo que coller  
iste tempo en que se un vé  
como il veña.

Camiñábamos contentes  
 noite pecha cara o povo  
 cansos xá,  
 as cantigas co' as mais xentes  
 entoando o cantar novo  
 y-ó á-la-lá.

¡Que copriñas loumiñosas  
 pondo n' elas tantas meles  
 tanto amore!  
 ¡Que nenñas tan fermosas!  
 e que tempos ¡ay! aqueles,  
 tan sin dore!

¡Que tristuras congoxadas  
 pr' aleixarnos logo d' elas  
 un sentía!  
 ¡Que cariñas alongadas  
 co' a delór de xá non velas  
 hastra o dia!

¡Que mimiños! ¡que tenrezas  
 se trocaban montoadas  
 cand' o fin,  
 o virár und' as cabezas  
 longo adiós so co' as miradas  
 xa n' os din!

Cand' ó lar o fin chegado  
 noso corpo era moido  
 de tal xeito,

qu' esmorente e derranchado  
despromábase vestido  
sus' o leito,

Hastra vir a nova aurora  
toda a noite xa n' un sono  
s' ia inteira,  
a soñar c' a encantadora  
que chamábanos... ¡seu dono!...  
¡feiticeira!

. . . . .  
¡Tantos anos desandare  
pr' a volver o San Trocado  
quen poidera,  
d' a festiña a desfrutare  
coma cando atolandrado  
neno un era!



## SUNT LACRYMÆ RERUM

¡Campana d' o Relox de Celta-nova!,  
 ¿pr' ónde foi aquil triste teu acento  
 que n' o peito batia tan adrento  
 cando as cendras amadas ian pr' a coba?

¡Campana d'o Relox de Celta-nova!  
 ¿que se fixo d' aquil teu dondo acento  
 qu' enchia as nosas véas de contento  
 facendo reblincar a sangue nova?

Fúches araldo tí de tanto adoito  
 como anubrou os ceos d' esta vida,  
 co' eco forte d' a tua voz doída  
 jcanto dor despallabas!... jcanto loito!

Fuches araldo ti d' as alegrías  
 que o peito regalaron: fuches dona  
 cabal d' o noso espirto; tua sona  
 foy tan grande cal ti a merescias.

Tan doce e prateyado era o teu suon,  
 fería de tal xeito o noso ouido,  
 qu' en tod' a miña vida ouvin suído  
 tan a rentes rouzando o corazón.

Gardabas ti n' o seu o dobre encanto  
d' espertár as legriás mais ditosas  
con leda, linda vos; y-as penas nosas  
moy, branda compañar con triste pranto.  
¡Como recordo ainda aquiles dias  
en que os teus repeniques faladores,  
n' o noso espirto viñan tentadores  
marmullárt teiticeiras melodías,  
n' as vísporas felices d' o San Roque,  
d' as Marzas, San Bastián y-a Encarnación  
que aloucados c' os ecos d' o teu suón  
beilábanos o corpo a cada toque!

Nos esquezo tampouco  
cando c' os mais rapaces posto os piques  
a quen facer millor os repeniques  
mallaba co' badallo en ti cal louco.

Dichesnos sempre a dita mais comprida  
¡Nosa meiga campana!  
escorreutando as m' goas d' esta vida  
co' aquela vos tan limpa e soberana.

Pro jayl que como dixen fay un pouco,  
dobre acento gardabas n' o teu seo;  
si cantaba indo un ánzel cara o ceo  
¡cantos mortos chorou teu suono rouco!


J' ando a morte firiu  
meu peito en seus amores mais queridos  
compañía lle fixeron teus xemidos  
os meus doentes áis; n'un se fundiu

co' teu o meu lamento, y-é moy xusto  
 si ríches é choraches ¡ay! comigo,  
 te queira com' ó mais leyál amigo  
 que con nos chora e rí pr'a nos dar gusto!

· · · · ·  
 ¡Campana n' íse enton xentil soando,  
 nosas penas e grorias compartindo,  
 ¿pr' onde o eco se foy, meloso e lindo,  
 qu' espertaba aquil teu xemido brando?

O choco suonas xá; d' aquil tanxido  
 qu' encanto nos) foy so resta o lembro.  
 y-ante a ideya de o non ouvir eu tembro,  
 porque o feño por sempre xa perdido!

¡Campana trimbadora  
 que as frebas amuchadas d'o meu peito  
 tantas veces tembrar fixeche a eito,  
 nos' alma é debedora,  
 d' eterna gratitú leyal amiga,  
 e d' antre as grorias tuas, a primeira  
 é pr' a vós prañideira  
 que así chorou por tanto nosa obriga!



\* \* \*

No Convento d' os Frades  
 de Celta-nova,  
 cativiña campana  
 que alegre soa  
 pica e repica  
 pr' a que s' ergan os nenos  
 e van a Minsa.

—  
 De mañan contr' as sete  
 deixa ouvir toques,  
 espertando os meniños  
 pr' a que reloquen  
 poil' a coitada  
 sin se dar conta délo  
 fíndelle a y-alma.

:—«Priguizán, vaite erguendo :  
 —parés decir—  
 :—deixa o sono qu' é malo  
 tanto dormire;  
 vóstate fora  
 d' o leitiño amoroso  
 vente pr' a escola»—:

—  
 Os pequenos tembrando  
 y-aterecidos,  
 pois un gris anda solto

qu' éiba os osiños,  
 érgense logo  
 d' a carriza que os crobe  
 limpando os ollos,

Co' Catón y-o Silvario  
 baixo d' o brazo,  
 e mais mortos que vivos  
 chegan os cráustros  
 onde unha ringla  
 fai con iles un Frade  
 pr' a entrar n' a Minsa.

D' arrudilla e formados  
 óuvena os nenos,  
 sin desvial' a vista  
 d' o lombo o Crego  
 pois d' o outro modo  
 venilles tal lombeirada  
 que os deixa tolos.

Contr' as oito xa volve  
 c' os repiniques,  
 «a Cadela d' os Frades»  
 como por chiste,  
 nembran n' a Vila  
 des que asi a batearon  
 tal campaíña.

Chama agora pr' a escola  
 pr' a leución chama,  
 estodeada n' a vispora.

de mala gana,  
¡quen a soubera!  
pr'a com'a un papagayo  
ceibala inteira.

Xa n'a xaula o paxáros  
¡cal rende o tempol  
¡como duran as horás  
que pasan drento!  
¡Canto ela tarda,  
en soár pr'a xotalos  
a condanada!

A cad' hora coidando  
sentil' o toqué,  
que lles dé a libertade  
paréslle que ouven;  
en vindó a hora,  
os paxáros d'a xaula  
piando voan.

As mortás bateladas  
que a y-alma fendén  
d'a «Cadelas» que tola  
latraca as sete,  
¡como resoán  
n' o peitiño d' os nenos  
en vindo a hora!

O suspiro mais brando  
d'a doce brisa,  
ou o canto que a rula

céiba antre as silvas,  
non van a y-alma  
mais direitos qu' agora  
vay a campana.

San toliños choutando  
tras d' a merenda,  
parolando uns c' os outros  
cantan ou berran,  
d' o xogo escravos  
hastra que a cadeliña  
volve a chamalos.

D' a «Cadela d' os Frades»  
eu ben me alembro,  
a min ben me chamaba  
cando era neno.  
¡Canto me fixo,  
relocar n' outros tempos  
c' os sens latícos!


¡Quen poidera toparse  
n' aquíl estonces,  
y-a «Cadela» volvere  
chamar por nose!  
¡Ay! ¡que monada!  
por o bolo ise croque  
calquérr trocaba!

¡«Cadeliña!» l óuvote hoxe  
 tan indifrente,  
 como podo arastóras  
 ouvir chovere; -  
 ¡ay! quen volvera  
 reloucar c' os teus berros  
 miñia cadela!

Coma min esdeñosos  
 diante a ti pasan,  
 moitos mais que de nenos  
 roubache a calma,  
 ¡ay! quen nos dera  
 reloucar c' os teus berros  
 nosa Cadela.

Cantas ráibas y-ánoxos  
 diches a éito  
 os que nin pr' á ti ollamos  
 ora de vellos;  
 ¡Nosa Meiguiña!  
 ¡Canto un dera e volveses  
 chamarnos inda!

¡Tempos, tempos! ¡que axiña  
 pr' a nos fuxistes!  
 ¡Como ouvindo esos toques  
 xunto a nos vides!  
 ¡Cantas lembranzas  
 ese suon trai envoltas  
 d' a edá dourada!



# SAUDADES

---

(DENDE MADRÍ)

Airiños de Celda-nova  
qu' enfeitizástesme o peito,  
acariñándome a y-alma  
co' voso sesurro meigo,  
cando arrulastes mimosos  
meus soniños de pequeno.

N' as vosas aás envoltos  
meus amores froleceron;  
miñas ditas ourexáronse  
á calór d' o voso alento;  
meus sospiros churumados  
foron pol' o voso cheiro,  
y-as conversas namoradas,  
cheas d' encanto e mistéreo  
que saían cubizosas  
d' os meus temborosos bélzoz  
pri' aloumiñar a meiguña  
nena d' os meus pensamentos,  
si dolces n' o seu ouído  
soaban todas a éito,  
si as escoitóu encantada  
como quen óuce concertos,  
formados con brandos píos  
de paxariños parleiros,

vos lle dabádes á gracia  
y-a dolzura d' os acentos,  
y-aquil tono tan morniño  
gasalloso e falangueiro,  
n' os vosos brazos dourados  
o meu esprito adormendo.

¡Airiños de Celta-nova,  
cantas venturas vos debo!

Cantas veces meus ai iños,  
¡cantas! vos botéi de menos,  
n' estas terras castelanas,  
n' estes tristes... longos! ermos,  
que non teñen arboredas,  
nin marmulladores regos,  
nin tén froliñas cheirosas  
cal n' a nosa terra temos,  
nin as veigas salpicadas  
de chórimas e martelos  
como están as estreliñas  
esparexidas n' o ceo;  
que non téi erbas mi nosas,  
que por non téi nia tén fentos,  
nin tén úcas, nin silveiras,  
nin carpazas, nin codesos,  
pr'a ir antre illes cantando,  
pr'a choutar ant're illes ledos,  
a correr uns tras d' os outros  
com' os louquín's d' os nenos;  
que non teñen as fontiñas  
de soave e limpo espello,  
pr'a desfrutardes d' a gloria

de vos recreare vêndovos,  
e pr' a temprar vosa sede  
suas craras áugas bevendo,  
como tendes n' a Galicia  
adourada dos meus lembros.

En Castela meus airiños  
vosos irmans morren secos.

Cando airiños volveredes,  
¡cando! a cheirumarme o alento  
y-á me regalar o ouido  
co' voso canto fâdeiro;  
cando volveredes prácidos  
dolzorar meus pensamentos,  
arrincando a este coitado  
d' a goldrá d' iste lmeiro  
de crebantos e de penas  
que o tén posto tan cañento,  
y-er que lonxe d' a terrña  
s'atuóu xa dende nen;

que mentres que vos non sinto,  
que mentres que vos non vexo,  
¡cantos aies me roubades!  
¡cantas veces vos relembro!  
¡cantas, cantas! vou chorando  
solíño pol' os viéiros  
d' ístes campos de Castela  
chamusados e rêsésigos!  
que o me lembrar d' os feítizos  
d' o voso sopro lixeiro,  
xa non alcontro consolo  
sämpre de tristuras cheo;

sin me deixár as peniñas  
 sin me deixár nin n' o leito,  
 pois desque me vexo n' ile  
 tarde ou nunca me adormento,  
 e por voltas que vou dando  
 n' atopo postura a xeito;  
 parés que ó cabo d' a goixa  
 crabado un escarabello  
 que me non deixa vivire  
 de dia e de noite teño.

¡Vinde airiños piadosos,  
 víndemo xotar d' o peito!

Airiños vinde de presa  
 cal viñades n' outros tempos  
 a prefumar meus sospiros  
 a me meigar feiticeiros.

Vinde airiños voadores,  
 vinde amantes de min preto,  
 vindeme batér co' as áas  
 riba d' os brancos cabelos  
 que tan axiña os probiños  
 prateados se puñeron,  
 derreténdose os mais d' iles  
 co' a calor que ferveu drento  
 d' iste corpo encrenqueñad /  
 que os poucos vai podrecendo,  
 (coma podrece eiquí todo  
 co' istes aires fedorentos),  
 e d' esta y-alma enloita :a  
 n' a que abafados moreron,

as illusíos enganasas  
y ós soños mais pracenteiros.

Airiños de Celta-nova  
cabo de min vinde quedos,  
e mainos, mainiños mainos  
uns biquiños daime a xeito  
que me limpen d' esas ronchas  
que outros bicos me fixeron.

¡Airiños, airiños aires!  
¡Airiños vinde lixeiros,  
pr'a encantar a miña vida  
c' os vosos feitizos meigos,  
escorrentando d' a y-alma  
os negroles que a fenderon!



## Ó MEU PRIMEIRO AMORE


---

Cando a vexo pasar a miña veira  
xa cañenta, pro sempre tan fermosa,  
sinto ainda a corrente mistereosa  
que sentin o mirala a ves primeira.


Dende enton a xentile primaveira  
trinta veces vestiu de folla a rosa,  
y-en trinta anos soave e loumiñosa,  
sua imaxé surrúme pracenteira.

Pasado tanto tempo s'inda agora  
pecho os ollos, e penso a fondo n'ela,  
muchado o corazon co'as penas, chora!

N'ha chorar; S'il non fose tan penela,  
meu peito topariase arastora,  
cabo o dolce fulgo e d'esa estrela!



# FAULAS



## CATRO FAULAS

(DE LAFONTAINE)

### O Rato d'a vila y-o Rato d' os Campos

Comprido un rato d'a vila  
a un compañoiro d'os campos  
convida atento a rillare  
n'os osqs d' un fino páxaro.

Riva de limpos mantes  
n'un prato a man os toparon  
de se poñer moy contentes  
a roelos de contado.

:— «Nada falla . . . : — di o d'a vila —  
: — «de Reises esto e regalo» —:  
pro cando ian n'as millores  
pareslle ouvir algo estrano,

Mesmo n'a porta d'a sala  
certo bulido aquelaron,  
tuxindo antrambos e douis  
cada un pró seu buraco,

Fóise indo o bulido aquile,  
foron vindo o seu os Ratos,  
e dille o d'a vila oy-outro;  
: — «cabo demos d'iste páxaro» —:  
: — «eso e molto —di o d'as leiras —  
: — «mañan ves comigo os campos,

e non e que che me pique  
d'os teus xantares que gabo,  
pro tentar non n'os ha nadia  
antre bocado e bocado,  
Adios [...]...qu'eu non quero gromas,  
co'a meñaza o pe d'o rabo!...



## Ó LOBO Y-Ó AÑO

*«A razón d' o que é mais forte  
é sempre a millor razón.»*

Apagaba un año a sede  
n' a corrente maina é pura  
d' un regato; un lobo cheo  
de fame chega en percura  
d' algo que ben arromate  
un dia sin aventura.

:—¿Quen che manda esconsellado,  
- dille ó año con voz dura  
:—d' iste regato en que eu bebo  
alourarme a y-auga pura?  
H che de sair ben cara  
tan arrichada loucura:—

:—«Señor!... repíca ó añiño  
cheo de medo e tembrura—  
:—«non s' anoxe por piedade!  
será ben que poña cura,  
en que a miña sede mato  
moy por debaixo d' altura  
en que bebe ¡Maxestade!  
d' iste regato a auga pura»—:

:—«Tu alourala!...—berra o Lobo  
endurando a catadura —  
:—«ben sei que o ano pasado

maldecichesme a figura! —:


:—¡Fay un ano!... non nascera  
esta probe criatura»—:

:—«Teus irmaus serían logo»—:

:—«Non os bateóu o Cura»:

:—«Algún de vos sería ó fin:  
debésme rabuñadura  
y-éivol' a dar, é preciso  
vos amostre a dentadura.»—:

Vota o Año suso o lombo,  
e vai d' o monte en percura;  
sin outra clás de proceso  
coméuno n' a selva escura.



## O CARBALLO Y-O ROSAL

○ rexo, agreste Carballo  
dí un día o xentil Rosál:  
:—«A nosa Nai Natureza  
pr'a contigo non foi Nai.  
Unha carriza xa é carga  
que o lombo consentes mal;  
o más lixeiro ventiño  
que as áugas non ha riscar,  
fáiche agachál'a cabeza  
e mirar p' o triste chan;  
namentres a miña testa  
á d' as montanas igoal,  
non só d' o So e que quéima  
pode a rayola agoantar,  
sinón que atura as inxúrias  
d' o más forte vendabál.  
Un airiño ha n' as tuas ponlas  
cal forte aquilón zoar,  
mentres que n' as miñas gallas  
o vento forte non fai  
sinón loumiñas a modo  
de brisa primaveiral.  
Si nado foses o achego  
qui' éu che podía prestar,  
non terías que sofriré

inxurias d' a tempestá,  
pois librarte sabería  
íste amigo d' ise mal.  
Riva de mürceas caéiras  
nasces pr' a sempre quedar,  
baixo a vontade d' os ventos  
que domeández van,  
e que n' han parar contigo  
hastra chegar a tumbar.  
Foi pr' a ti Nai Natureza  
mala Madrasta, non Nai.»—:

— «Tan amabre compasión,  
—responde entón ó Rosal—  
éich' a de estimar en moito  
porque ch' a diuta a bondá  
qu' emerxe d' a fonte limpa  
d' ise teu bon natural;  
mai... «os coidados alleos  
os burros fan cavilar».  
Si os ventos son perigosos  
pr' a entrâmbos a dous serán;  
a min doméanme axiña  
pro crebarme... eso... xamais!  
Tó chegaches hastra agora  
d' illes a te ben bulrar,  
sin che s' encorbar o lombo  
com' ó coitado Rosa!,  
pro... pr' a falar d' estas cousas  
hastr' o fin hay que agardar.»—:

Cando estaban n' estas palras  
o Carballo y ó Rosal  
pol' o extremo d' o Ourizonte

comenza forte a zoar  
un d' os Nortes mais desfeitos  
cal outro n' ouvo quizáis.  
O Carballo teso e firme  
y-ó Rosaliño a tembrar;  
redobr' as forzas o vento  
e con tal raixa il o fai  
que ó fachendoso Carballo  
conseguiu o fin tumbar  
deixandoó espaturrado  
co' a cabezota antre as maus.  
Namentres o Rosaliño  
seguía a se domeár,  
e cando o fin xa aleixado  
tan desfeito temporal,  
viu estumballado o amigo  
forte como era n' o chan,  
:—¡Qué sodes grorías humanas!—  
— dixo—e votouse a chorar!



## O BURRO YÓ CAN DE LÁS

N' hay qu' esforzál-o talente  
 pr' o facer saír d' a marca.  
 Un baldrocas n' a pasare  
 por xentil faga o que faga.

O ceo a poucas criaturas  
 xeneroso fay a gracia,  
 de as dotar d' o don de xentes,  
 qu' é virtude tan inata,  
 que o que a non ten de nacencia  
 perde o tempo en precurala.

Hay que deixar certas coisas  
 que pasen con sante pasan,  
 pr' a nos non asemellare  
 o noso Burro d' a fáula,  
 que por se facer querere  
 d' o amo e padrón d' a casa,  
 vai direito a saudalo  
 pondo de meles a fala.

:— «Porqué—di él a scu dono —  
 íse can de lás rizadas,  
 tan cativo e encrenqueñado,  
 (sin lle negar certa labia)  
 ha d' estar sempre antre as pernas  
 d' o meu amo e d' a miñ' ama,  
 en canto a min so me miden  
 os lombelos c' unha vara?

Non e cousa d' o outro güeves  
o qu' il fay de dál' a pauta  
pr' a ver por vostedes logo  
con tanto pracer bicada.»—:

Semellante pensamento  
seu amo fay rit de ganas.

O Burriño o velo tindo  
aproveita o tempo e pasa  
pol' as barbas d' o Padrón  
a pesuña xa gastada,  
con falangueiros orneos  
acaíñandolle a cara.

¡Vaites, vaites, c' o Burriño  
que o can de lás quér pintarilla!

¡Conqu' endrómenas me ven,  
e que música me saca!

¡Xoquin!... — chamando o criado —  
vente axiña co' esa vara,  
e mídell' éste arrichado  
corenta veces a espaldal

Esto por sel-a primeira,  
pois si repetir a gracia,  
hásll' entón poñel' o lombo  
coma unha criba de chagas.



## A UNHA FROR

---

*(Pensamento n' a forma meu d<sup>o</sup> ch<sup>o</sup>;  
n' a intema sustancia un pouco alleo).*

¡Oh! moremunda e solitaria fror  
qu' eu vin nacer xentil n<sup>o</sup> íste cantiño,  
un vento t<sup>e</sup> azoutou abafador  
esparxéndoche as follas de camiño!

A mesma fóuce sega a nosa vida;  
o noso sino rex<sup>e</sup> un mesm<sup>o</sup> Dios;  
com<sup>t</sup> á ti si unha folla ves caída  
un pracér os mortas dinos adios!

Logra o tempo arrincarnos cada dia  
un gusto, unha pasión;  
un momento ó voár, con levosía  
matar unha ilusión.

As xentes ó mirar como resurta  
morta axiña nos<sup>t</sup> alma co<sup>t</sup> delór  
perguntan, ¿cal d<sup>e</sup> antrambas é mais curta,  
a legre nosa vida, ou a d<sup>e</sup> a fror?



## A PREGARIA

DE LAMARTINE

---

O esprendente Rey d' o dia,  
n' o seu carro de viutoria  
o se deitar vay deixando,  
envolta a terra n' as sombras.

Unha nubaxe brillante,  
que o esconde a mirada nosa,  
en regos d' ouro cónserves  
n' os ceos sua marca roxa.

Seus refrelos de áurea púrpura  
inundan a terra toda.

---

Coma lámpada de prata  
n' o azur pindurada e soila,  
pol' as bordas d' o ourizonte  
bambe ndose argullosa,  
vay saíndo a branca lua  
que loce suas galas todas.

Seus rayos amortecidos  
despallando vay mimoso  
riba d' o céspede mole  
pr' a que amoroso os adorma.

---

Espállase pol' os montes  
o negrór d' as mestas sombras;  
hora xa é en que a Natureza,

n' o seu seo se arrecolla,  
 y-antre a noite que vay vindo  
 y-ó dia que foxe agora,  
 ll' eleve o seu creadore  
 en cantigas amorosas,  
 co' seu palrar tan brillante  
 o omaxe que corresponda.

N' os ámpitos infinitos  
 imenso ino resoa.

Semellan os mundos tempro,  
 un altar a terra toda,  
 inxente cúpola os ceos.

Pr'a ornamento dar á sombra  
 os astros sin nome fan  
 a ves de sagrás antorças.

Aquelas nubaxes puras  
 que o Sole o morrer pon roxas,  
 que coma un sopro lixeiro  
 d' o escurocer hastia a aurora,  
 n' a pracidéz d' o aire quedas  
 cal folerpas d' ouro f otan,  
 coma nubiñas d' encenso  
 van rubindo e s' avapóran,  
 levando o trono d' o Altisemo  
 a oración que o mundo entoa.

Pro tal t mpro non ten voce  
 que cante en concertos loas,  
 ¿de donde san íses ínos  
 o principio e fin d' as couzas?

Todo cala... so o meu peito


n' aquí silencio resoa.

Soilo a miña intelixencia  
forxa voces amorosas,  
qui en aás d' o vento van  
n' a lus d' os rayos envoltas  
a loumiñar al Señore  
co' as mais falangueiras notas.

Linguaxe a miña razón  
presta a Natureza toda;  
non son os astros que falan,  
faino a miña mente soila.

E... ¿quen nos dice esa lús  
que da vida a tod' as cousas?  
¿quen esa vós que o mundo enche  
c' un nome qu' Eterno soa?

¡A Providencia Divinal!  
Dende a sua infinita gloria,  
d' as esferas que goberna  
o doce concertoescoita,  
y-ouvindo tamén a súprica  
d' a miñ' alma frevorosa,  
que bendí seu nome Eterno  
y-antre loanzas o invoca,  
esa vos me diu que logo  
lle presto eu a tod' ás cousas,  
que n' unha ardente pregaria  
cantan d' Ela as glorias todas!



## DÚBIDAS

(SONETO)

Por sorte ou por disgracia, inda o non séi  
nin ó tempo qué son xa case un vello,  
ó me ver d' o casorio en tanto espello,  
si por disgracia ou sorte non caséi.

Penso as veces que as contas ben botéi  
e digo coma quén se da un consello:  
¡ben fixeches!... pro n' o cabo o escarabello  
d' a dúbida, d' o peito non guindéi.

Si o matrimonio é ponte pr' a ir o ceo,  
como dixo algúm sabio d' outra edade,  
cabo de min que veña, que n' il creo.

Pro si o que o sabio dixo n' é verdade,  
¿qué pensar? cando agora mesmo leo,  
que o azoute é tan só d' a Humanidade?



\* \* \*

Brisas dóces e lixeiras  
 que pol' o mundo voades  
 alegres e pracenteiras  
 y-entre sospiros bicades  
 n' as erbas d' as miñas leiras.

¿Porqué si con tanto mimo,  
 vos pousades querendosas  
 n' as prantas qu' eu tanto estimo,  
 non buscades esquivosas  
 n' o meu peito un agarimo?

¿Qué vos fixer pr' a que agora  
 me viredes así a cara?  
 ¿Qu' é o que de min vos separa?  
 S' índa foron arastora  
 meus áis n' esta noite crara  
 pr' a vos, ¿porqué me fuxides?

Si tan mimosas vos ídes  
 a choutar n' o verde outono  
 d' os prados, ¿porqué non vides  
 dolzorar meu triste sono?

Si bicades amorosas  
 n' os xermoliños d' as rosas  
 pr' a temprar vosos queimores

¿porque tan dolces coa's frores  
e comigo así argullosas?

Si o redobrar voso alento  
con fortes sopros de vento  
hastra o mar alborotades,  
¿porqué alegres non chegades  
pr'a me iñundar de contento?

Eu a razón vuome dando,  
miñas contas ben facendo.  
d' o porqué se ides cantando  
ás prantas aloumiñando,  
en min batedes xemendo.

E que o pousarvos lixeiras  
n' as erbas d' as miñas leiras  
topás olúra e verdore  
desfrutando pracenteiras  
d' o seu cheiro enlab' adore.

En cámio n' iste meu peito  
amarrado sempre as dôres  
n' alcentrades que os cramoires  
que vay dando tan a éito  
¡ó chorar tristes amores!

Brisas, brisas, deleitosas  
que con ~~me~~ talangueiro canto  
n' as erbas bicais mimosas  
¡tende piedá d' o meu pranto!  
¡donáime as loumiñas vosas!

## AS PAROLIÑAS CO'A LUA

Onte a noite o meu balcán  
sóméime a unha xa dada;  
n' os ceos a lua amada  
brilante locia entón.

Meus olles cravados n' ela  
pouco a pouco foronme indo,  
metendo no disco lindo,  
que arrodea tanta estrela.

Sin saber como nin cando  
con tan fermosa señora  
topéime o pé d' unha hora  
con gran pracer meu palrando.

F' únme dando as miñas traías,  
pr' a decirlle de contido,  
que a meu gusto n' era amado  
n' a terra pol' as rapazas.

Fixenlle cen mil perguntas  
que surrindo ela esquivou,  
hastra que n' o naipe dou  
de as contestar todas xuntas,  
decindome: — «ten pacencia;  
coma min son as mulleres,  
en n' os bulhar d' os quereres  
está tola a nosa cencia.

Cando amañezo esprendente  
locindo as galas millores

abóuxame a botar frores  
ás porfias toda a xente.

Cansa xa de as escoitar  
vou virando a cara a xeito  
pr' a lle arregalar o peito  
a outras xentes co' meu luar.

{Que me tén moitos xenreira  
é me pon de cen coóres?  
Certo, pro con mil amores  
queren verme a cara inteira.

Si unhos poucos son contentes  
os más téñoos a desgusto,  
ninguen sabe cal é o xusto  
paladar que tén as xentes.

Dín algúns: si a meiga amada  
que froleamos a vau  
tivéramos sempre a mau  
non sería froleada.

Están n' o certo abafellas;  
si fixér d' outra maneira  
arastora a cabeleira  
n' había térras guedellas.

Dín os más: si a condenada  
asegún vai de riola  
por ises mundos e sola  
se prantase... ¡que monada!

Ben o creo meus meniños  
pro eso non pode ser;  
anque vâdes pr' a me ver  
os más altos coturiños  
moitos d' os días quedades  
sin toparme a cara a xeito,

pr' à limpar os aproveito  
d' os bicos que me furtades.

As mulleres pr' a seu ben  
precurar sempre han de ir indo  
miña traza elas seguindo  
que moitas ventaxas tén.

Incostantes com' á lua  
e coma min esquivosas  
as olladas mais mimosas  
sempre han topar pol' a rua.

Si fôr coma certa crase  
que decote anda cheirando  
rastro d' homeera enton cando  
quizáis pr' a min nádia ollase.» — :

Cálou xa. Fun desviando  
meus ollos d' o disco lindo  
pr' à pouquiños ilos vindo  
a seu ser atemperando.

D' o meu corpo m' esquecin  
ás paroliñas co' a luâ  
y-a brétema fixo a súa  
pois o volver logo en min,  
pillara tal carraspeira  
por ollar pr' a lua linda  
que por máis que fixen inda  
me non curéi d' a ronqueira!



## CARTA ABERTA

(*pra meu bon amigo Emili M. Buján.*)

Nº un gallego tan enxebre  
 cal non cata o meu celebre,  
 lín nº o «Miño» carta tua,  
 nº a que o dino d' un pesebre  
 case rubes hastr' á lua.

Sanda e dolce é a intención  
 que s' esprende d' a cartiña,  
 que deixóume o corazón  
 tan muchado, como ó outón  
 déixa a fror d' a pataquiña.

Craro está que co' cariño  
 mais leyál nº esa ocasión  
 arroupache o meu libriño,  
 Norte foy d' a tua opinión,  
 a piedade, que si non  
 xusgarías nº outra fo·ma  
 mais emparcial é mais dura,  
 pro a amistade en ti perdura  
 y-a caridá foy sua norma  
 pr' a crobir miña figura.

Gracias mil, meu ciro amigo;  
 teus consellos eu aceto;  
 dende agora che prometo

non volver comer pan trigo,  
se o que dis non me someto.

Ise enxendro qu' escribin  
foy desfogo d' inocente;  
a vergonza co' il perdin  
pr' a mirar seréo á xente  
lite ata, á que ofendín.

Nori soñei xamais á palma  
dó poéta co' il gañar,  
quixen tan soilo loár  
os paiciños d' a miña' alma  
y-ós demáis que sei amar.

Nunca versos escrebin;  
os que van n' ise libriño,  
mal ou ben, cal os sentin  
fixoós o corazonciño,  
d' o seu fondo os recollín.

E por eso sin malicia  
pubridados iles van,  
pr'a cair n'o triste chan  
enlodado co'a cudicia  
d' os que á bulra sempre fan.

Dios lle premie á tal virtude  
xenerosa que alimentan;  
si as orellas ben me quentan,  
non s' esquecen da saude  
d' esa críteca que alentan.

Non quixera rematar  
esta carta sin decirche,  
toda a y-alma vou pechar,  
drento d' ela ó escerbirche,  
pr'a que á poidas abrazar.



## A Alfredo Nan de Allariz

---

Verbo constante és tí d, alma gallega  
n' a nosa antiga pelra americana,  
semeando primores co' a galana,  
fácel pruma que o Mestre seu non nega;

C' o Gran Curros xuntáchete pr' á brega  
pol' o ideyal d' a mente soberana,  
escorrentando o error, cal tramentana  
escorrenta o trebón cando lostrega.

D' abelencias tés tí o esprito cheo,  
meigándonos co' encanto poderoso  
de mil artes de máxico recreo.

Pr' ó concerto entusiasta, cramoroso  
qu' espertaron n' a terra, según leo,  
so faltou noso Ourense... xeneroso!



## CÁR<sup>c</sup> O FEIRÓN

---

Por carreteras, carreiros,  
corredoiras e vereas,  
cár<sup>c</sup> o Feirón veñen vindo  
legres as mozas d<sup>t</sup> aldeya.

N<sup>e</sup> ó millor pano de trores  
esconden a cabeleira;  
tran pindientes dóus aretes  
pindurados d<sup>t</sup> as orellas,  
que relocen com<sup>r</sup> ó ouro  
que o Sil arrousa antr<sup>t</sup> a area.

Un xustillo apertadiño  
pr<sup>t</sup>a que unhas couosas non veñan,  
revolindo temborosas  
como os vimios verdes tembran,  
cando un sopriño d<sup>t</sup> o vento  
con dóce amor os bambea.

Unha sáa d<sup>t</sup> zaraza  
con ramiños que frocan;  
un mandí enriba d<sup>t</sup> a sáa  
que soilo o velo d<sup>t</sup> a envexa.

Zapatíños de mallós  
colgan d<sup>t</sup> as maus; cando chegan  
perto d<sup>t</sup> a vila é que os poñen  
pr<sup>t</sup>a locilos rumbadeiras;

namentres os pés viñeron  
esñudos e cheos d' area,  
moratados coma o sangue  
que lles coóra as meixelas,  
tropezando os coitadiños  
n' os croyos d' a carretera  
que os deixan cal muro vello  
chéos de ronchas e gretas.

¡Lástema dá que os probiños  
tan aldraxados se vexan!  
rero antre a pel d' o seu corpo  
y-a que os zapatiños levan,  
as raparigas primeiro  
a d' o corpo dánlle a trepa,  
pois si se vay outra nova  
vo've a sair toda inteira,  
mentres que a d' os zapatiños  
non volve á saír si creba,  
e fan falla moitos cartos  
para logo repoñela.

¡Estas cousas e outras moitas  
tráinas o lombo a miseria!

Veñen todas moy contentes  
co' a bursa de cartos chea,  
pr' ó Feirón de Celda-nova  
y a mercar non o que queíran  
sinon aquelo que poden  
meicar as mozas d' aldeya.

Un pano pr' a se sonare  
cando á crica lles pinguea; .  
seis cadelas de mazans,

e un can de biquiña alveira;  
 unha cadela de noces  
 tocando a noz por cabeza  
 pr'a se arregalar o corpo  
 ca! si de festa estiveran;  
 a semente d'a naviña  
 e unha cunca de manteiga  
 qu' encarga o Señor abáde  
 por ter a sua y-ama enferma  
 pr'a prepararlle un engüento  
 con que lle untar ben a testa  
 aló pol'a noite adiante  
 cando lle ataca a xaqueca.

Unha cadela de pitos  
 pr'a ll' os dar o seu xambeas  
 d'o noivo, que há de con iles  
 espertar gran renegueira,  
 n' os mocíños d'o lugare,  
 que so fuman follas secas  
 de castiñeiro ou carballo,  
 e non sempre... joubéras elas!  
 pois ben sabe tod'o mundo  
 so as hay pol'a castañeira.

Un can de liñol pr' atare  
 as medias o vir a festa  
 do Padrono, únecho dia  
 que con medias ven as pernas.

O que sobexa e pr' as cousas  
 que sen atar tén as nenas;  
 pr'a barazas d'o xustillo,  
 pr' ó rodete d'a cabeza,  
 ou pr' a coutar os trebexos

d' a cucíña cando creban;  
 pr' ás curas d' un manxarigo  
 ou d' as feridas n' as pernas  
 cando ás brincas pol' o monte  
 algunha silva ás moxega.

Pr' a non quedar sin governo  
 os zapañños d' a feira  
 cando estoupan os malloses,  
 y-hastrá pr' atar a pallaña  
 d' ó crarinete que o noivo  
 anda a soír pol' as festas.

Tamen mercan unha estampa  
 mesm' ond' a porta d'a Igrexa,  
 do seu San Anton querido  
 que sempre há d' ollar por elas,  
 precurándolle un mocíño,  
 pr' a se non morrer solteiras;  
 a culler de pau de buxo,  
 un candí, unha peneira,  
 satenta e oito alfinetes  
 n' un paquete, d' a cadela,  
 e un ruxe-ruxe pr' o neno  
 d' unha prima d' a mayestra  
 (que asegún dí quer o sabe  
 non é d' a prima qu' é d' ela).

Un pandeiro pr' as fiadas  
 d' ó inverno qu' están xa pertas;  
 uns soldadiños de promoto  
 pr' os poñer en ringuileira,  
 tocándolle a cornetiña  
 con unha man medio pecha,  
 e en a outra o tamborile

berrándolle ,áus, media volta!  
 un condergado d' un neno  
 fillo d'a Doña Prepetua  
 d'ó Sacretario; unha amiga  
 que n' hay quen ll' algo non deba.

Mercan logo un subioto,  
 pr' a un neto d' a tía Guteria,  
 velliña que bota as cartas  
 d'o lugar da Gandarela  
 y-a sorte que lles ha vire  
 agoirou á todas elas. —

Por fin, un zaragozano  
 pr' a saber cando hay tromentas,  
 que un repertorio como e-te  
 n' hay chuvia d' a que non sepiá;  
 pr' a saber cando as non hay  
 Borda-d'Augas tamen mercan,  
 y-o mai é que as mais d' as veces  
 nin un, nin o outro acertan.

Contentes como unhas Páscoas  
 moito choutan e gromeán  
 a se rir unhas co' as outras  
 ou c' os mozos que as cortexan,  
 sin coidar, xa d' óutra cousa,  
 pois elas non fan mais feira.

Rua arriba, rua abajxo  
 a vila toda paseyan.

Eiquí prántanse un pouquiño  
 pr' a escoitar a charla seca,  
 d' un saca-moelas que a berros  
 d' a virtude d' unhas erbas  
 padr ca as mil meravillas

de meiciña qu' encerran.  
 Mais alá detén á un mozo  
 pr' a lle dar unha boa trepa  
 por s' escorrir moy gabacho  
 sin xiquera ollar pr' aelas  
 facendo que as non conece  
 por botalas de praneta.

Pr'a matar millor o tempo  
 han d' entrar en tod' ás tendas  
 facendo dar os tendéiros  
 as voltas d'a pioneta  
 cando c' os dedos d' as maus  
 pol' a coronilla apertan  
 e dándolle o movemento  
 de quen toca a castañeta  
 fan elas beilár n' o chau  
 ou por riba d' unha artesa.

Botan o tempo que queren  
 e sánse despois tan frescas,  
 sin mercar antr' elas todas  
 nin unha coarta de tea.

Acóuganse logo a sombra  
 d' os ábores d' a lameda,  
 y-alí s' están moy sentadas  
 riba j' un banco de pedra,  
 comendo as cousas mercadas  
 pr' a comer, mentres non chega  
 a hora que perto x' anda  
 de s' empuntar car' a aldeya.

—  
 Antes pônse a votar contas  
 d' os cartos gastos n' a feira;  
 ber contados han de andare



o pé d' un peso en cadelas,  
 saídas d' unha bursiña  
 que muchada a probe queda,  
 semellante a un farrapiño  
 que anque o deixár, ninguén leva.

Cansas xa de trouleár,  
 de tanto andala e correla,  
 con sante viñeron vanse  
 todas xuntas y-en conversa,  
 por carreteras, carreiros,  
 corredoiras e vereas,  
 hastra chegar o lugare  
 n' o que fonchas elas entran,  
 frescas coma carabeles  
 y-espertando moita envexa,  
 n' as mozas que ali quedaron  
 sin ir o Feirón com' elas,  
 gastar tantas cadeliñas  
 e darse tratos de Reina.

¡Ay! mocinhas d' os lugares!  
 Rapar guiñas d' aldeya!  
 Quen vos víu cara o Feirón  
 e logo volver tan ledas;  
 d' a sanda vosa legria  
 n' é fácele que s' esqueza.

Frór churumada, xentile,  
 perfuma vos' alma méiga  
 e' unha olara tan saniña  
 cal outra non hay qu' eu sepias!



## CONSELLO VAN

---

Treidores unhos ollos me firiron,  
 n' o corazón facendo tal destrozo,  
 qu' éu mesmo dende entón no' n' o conozo;  
 ¡tal buraco alevosos n' il abriron!

Falando as solas díxenlle:—«é un soño  
 querer a esa muller que así t' acende,  
 y-anque asegún tu dis, ela t' atende  
 co' seu ollár... ¡en dúbida ch' o poño!»—:

E dime o corazón con xesto esquivo:  
 :—«non quero falar d' eso eu arastora;  
 seu ollár cal lús cándida d' aurora  
 esparexe as tristuras en qué vivo.»—:

:—«Perdon amigo e calma. Xuramento,  
 che fago agora mesmo que non quisen  
 anoxarte o dicirche o que che dixen;  
 só un consello che dar foi meu intento.»—:

Caléime... Fun poñéndome mais perto,  
 pr' a seguirlle falando e dixen logo:  
 :—«¿queres ti pouco a pouco n' íse fogo  
 tuas frebas queimar?... éche o fin certo.»—:

:—«Nada d' eso,—dixo il—eu algo agardo  
 ben millór d' o que tí mal agoreiro  
 m' agoiras... ¡con qué ollár tan pracenteiro  
 acendéu esa meiga o fogo en qu' ardo!—:

:—«E ti cóidas saber sin falla algunha,  
 pol' o seu ollár só, o qu' elas senten?..

Olliños de muller... ¡moito che menten!  
Postos a dir verdade... ¡non din unha!» —:  
— «Cala, cala — rosmou —; éu n'iles creo,  
sin caso algún facer de quen malicie:  
namentres gasallosa m' acaricie  
c' os seus esa meiguña... ¡vexo o ceo!» —



## ¡SABELIÑA!

Con esa frente de nácare  
imbada por cabeleira,  
que con fios d' ouro puro  
forma a dourada madéixa,  
ondeante e esprenderosa,  
que vemos caír soberba  
pol' os teus lombos de mármore  
o modo d' ainxente fréixa,  
que dende os altos petóutos  
cái en rosarios de pelras,  
despallándoas amorosa  
pol' os verdores d' a veiga.

Con íses ollos parleiros  
de tan crariña lucencia,  
com' á qu' en noites sin lúa  
tén as xentiles estrelas,  
tan mornos e churrusquéiros  
que mesmo parés que acenan,  
dolces loumiñas pedindo  
pois sóilo falan de festas.

Con ises cravés d' os béisos  
y-as rosiñas d' as meixelas,  
que si ti non as xotaras  
foran comidas d' as vésporas,  
chuchando d' os seus adrentos  
a mel pr' a cen cortiréiras:

co' as maus d<sup>e</sup> feitura anana  
 soaves coma a mantéiga,  
 e brancas, brancas de todo  
 como as figuran con cera,  
 os ex-votos pindurados  
 n<sup>t</sup> as paredes d<sup>t</sup> as Igrexas,  
 y-éses pés tan pequerrechos  
 com' ós pés d<sup>t</sup> unha monegra,  
 que inda agora non m<sup>t</sup> esprico  
 como a estáuta iles s<sup>t</sup> steñan,  
 d<sup>t</sup> íse teu corpiño lindo  
 que tan xentil se arrandea,  
 bambeándose argulloso  
 o brando compás d<sup>t</sup> as pernas.

Con todos ises encantos;  
 con todas esas lindezas,  
 que m<sup>t</sup> espremen os miolos,  
 que o sangue todo me queiman,  
 e que non tén comparanza  
 co' as moitas que se non nembran,  
 tésmo tan tolo meniña,  
 tan anamorado prenda,  
 que non durmo, nin soego,  
 pensando n<sup>t</sup> as mil pormesas  
 d<sup>t</sup> amores, groria e ventura  
 que tanto feitizo encerra.

¡Ay Sabeliña d<sup>t</sup> a y-alma!  
 ¡Meu te ouro! ¡Miña nécora!  
 Déixame, miña ruliña,  
 déixame bicarte Reina!

Deixa que apague esta febre  
 que corpo e y-alma me queiman,

que si ti lle non acodes  
seguro me bota a terra!

De xiónllos eu ch' o prego;  
¡Déixame neniña... ¡deixa!...



## O MILLOR POETA

(BRINDIS)

Cal d'os beizos d'a muller  
 amada, quero beber  
 d'o vaso qu'e está n'a man  
 esquencia pr'a non temer  
 os delores d'iste chan.

O millor Poeta é o viño,  
 y-o vaso cheo millor;  
 co' seu cheiro amorosiño,  
 ébos mesmo tentador  
 iste d'os veiras d'o Miño

Antre névoas il n'os crea  
 'coma un soño aloumiñoso  
 que as choliñas n'os ou ea,  
 por algo o río co'a area,  
 ouro arrouusa cubizoso.

A esta máxica bebida ~~úxe~~  
 que a meu entender n'é ~~úxe~~  
 cal meresce conocida,  
 debémoslle horas n'a vida  
 d'o pracer que xá n'os iuxe.

Sendo como é cousa certa  
 esta aución tan falangueira

d'o viño, falla a primeira  
vés que boca vexa aberta  
sinón pr'ó beber lixeira.

Pois si e verdá que co'as galas  
ó seu nome á xente veste  
d'as mais lisonxeiras fajas  
pr'a dicir: ¡non o hay como este!  
n'os brindis, suas grorias cállos.

Vou facelo de contado  
brindando por un Poeta  
cal outro no hay qu'eu sepa  
e que se fay tan amiado  
cando say d' unha boa cepa.

Viño d'os noscos amores;  
viño d'os nosos quereres;  
co'a tréboa d'os teus vafores  
fas cotorras d'as mulleres  
d'os móuchos fas faladóres.

Intramasnos os miolos  
Gran Poeta d'a alegria  
volvendo os mais cordos tolos,  
ti y-a empanada de polos  
sodes Reis d'a Poesía

¡Ay meu viño d'o Riveiro  
de cheirume amorosoño,  
e labio tan pracenteiro,  
non topo n'o mundo enteiro  
con quen te igualar meu viño!

Tí remexes n'a choliña,  
 n'o corazón tí refurgas;  
 as ideyas traes axiña  
 e tanto furgas é furgas  
 agora n'a mente miña  
 que a merescida loanza  
 che había botar eiqui,  
 mai-l-a lingoa deixas tí  
 como a ten... unha crianza...  
 que... non sabe inda o que di

Cheira-to-do-a xa-ra-ma-go  
 cor-de-ro-sas ve-xo to-do  
 so-p-a-te-xa co-ma en llo-do  
 a-lin-gua-e por mais-que-fago  
 que-ro falar... e non-po-do.

Sén-to-me pois... sin dar fin;  
 non me man-des no-ra-mala;  
 si con ve ta sin to a fa-la,  
 a cul-pa pa-res-me a min  
 con-vén-nos os dous-cala.



# ¡Com'a terriña xa non vin outra!

(chis.)

Co chás-e-rrás-chás d'as carreiraz;  
 compañaba aló en Rianxo, un milleiro  
 estas copras con aire faranteiro  
 e beilando ó compás d'as muñeiras.

Fun pol'o mundo  
 todo á redonda;  
 fun vel'o méreto  
 de tod' ás cousas.

Fun vel'os mares;  
 fun vel'as costas;  
 fun vel'as prayas;  
 fun vel'as ondas.

Fun vel'os prados,  
 soutos e hortas,  
 ríos, montañas,  
 agros e touzas;  
 eidos, curtiñas,  
 leiras, congostras,  
 valexos, válgadas  
 e corredoiras.

Fun vel'as veigas  
 regos, lagóas;  
 vin as campías  
 mais querendosas.

N'as esprendentes  
 mañas risoñas,  
 d'o Abril y-o Mayo  
 que a pranta afolla;  
 vin mítas terras  
 dolces, mimosas,  
 verdes, ridentes  
 que a y-alma acougan.  
 mesmo bunitas  
 e cubizosas;  
 ¡com'a terriña  
 xa non vin outra!

Comin sardiñas,  
 congro, peixota,  
 pulpo, lamprea,  
 sable é mais ostrias;  
 biza, badexo,  
 percebes, xouvas,  
 belverechiños,  
 anguía é troitas.

—  
 Comin castañas,  
 verdes, e crocas,  
 mazás e figos,  
 noxes, cirolas,  
 prixegos, brévoras,  
 freses y-amoras,  
 náparo, ameixas,  
 freixós y-apoutigas;  
 y-anque é o certo  
 tod' estas cousas,  
 y-ás que non nembio

que son ben moitas,  
topeinas sempre  
sabendo a grolia,  
¡com'as d'a terra...  
non catéi outras!

Vin paparrulos,  
malvises, londras,  
xilgaros, melros,  
pardaus e pombas;  
labercas, piscos,  
carrizas, chorchas,  
vichel o crego  
vin e cigoñas;  
y-anque chiaban  
segun suas gorxas.  
y-en nás ouvire  
puñ' alma toda,  
cando o facian  
xilgaros, londras...  
¡Com'as d'a terra  
nin son, nin soan!

Vin cabaceiros  
cabo d'as hortas,  
acugulados  
de grau e froita;  
e vin leitugas  
!así de gordas!  
lantinxas, chícharos,  
allos, cebolas.

Vin carbal'eiras  
ricas en sômbra;  
longos toxales  
ticos en chórimas.

Vin moito mundo;  
vin moitas cousas,  
¡com'as d'a terra  
xa non vin outras!

Vin'os os cafeses  
mais bons d'Aurofa;  
grandes espellos  
finísima louza  
mesas de marmole  
pés de caoba  
e beb'n viños  
d'os de mais nota

Com' á bayuca  
d'o tio Nolas,  
so' aquil viñiño  
que nos coroa;  
co' aquelas mesas  
de piño todas  
tan gregadiñas  
e tan xeitras;  
y-aquelas xerras  
de terra roxa,  
collendo o batô  
da miña moza,  
que deixa n' elas  
cheiro de rosas,  
pr'a que o seu noivo

ventée a grolia,  
nin valen viños,  
nin vale louza  
nin valen mesas  
d'as de caoba;  
nin paradiso  
vin eu n' Europa  
com'a tasqueira  
d'o tio Nolas.

¡Nosa terriña  
cantas congoxas  
si te non vemos!  
¡cantas nos costas!  
¡cantas lembranzas  
van a ti envoltas  
entre sospiros  
d'a terra toda!  
Si o pensamento  
tivera ondas  
que arrecollidas  
no aire foron  
como as eléctricas  
dis que hay quen colla;  
s' ouvese modo  
s' ouvese forma,  
de que chegasen  
hastra ti todas,  
as saudades  
que ti provocas.  
cantos solayos  
cara a ti botan,

dende os cu'runchos  
d'a terra toda,  
os galleguiños  
que así t'adouran  
todo los ventos,  
todas ondas,  
que por fronteiras  
e pol'as costas,  
a ti chehasen  
nosa Matroa,  
brandos concertos  
ferian todas;  
mimos soaves  
de meiga foran;  
tenros arrulos;  
cantos de alondra;  
dondos carño;  
festas mimosas;  
sospiros dolces;  
leumiñ s mornas;  
parlas sinxelas;  
máxicas nctas;  
subrimes cánticos;  
inos de gloria;  
¡pra ti Reina  
das terras teda!



\* \* \*

Andan falas antre as xentes  
que o morrer certo veciño  
fay uns días  
diches probas ben patentes  
de por él ter tal cariño  
que morrias.

Cando por diante pasabas  
amostrándotelle fria  
y-endiferente  
¡quen dixerá que o levabas  
tan crabado entón María  
xa n'a frente!.

Corazon é o d'a muller  
qu' en cuiruncho misterioso  
moy profundo,  
unha imaxe sempre ha ter  
qu' ela furtá o ollar curioso  
d' iste mundo.

O seu farso natural  
seu eterno finxemento  
non consente  
que falar poida formal  
d'o que ten n'o pensamento  
y-o' que sente.

Un pr'ó caso que poidera  
dexergando seus adrentos  
velo todo,  
n'un altar a efixe vera  
d'o qu' e rey d'os pens'mentos  
topa a modo.

En silencio a aquil sagrario  
se arrecole mistereosa  
moitas veces,  
e soliña ali un rosario  
vay rezando moy mimoso  
cheo de preces.

Ar'tre a olítra de mil fröres,  
y-as candeas qué n'as aras  
van ardendo,  
surden tod-l-as millores  
paroliñas namoradas  
o ár enhendo.

Amorosa sospirando  
por quen rouba a santa calma  
d'o seu pe-to  
so n'aquil sacreto é cando  
tristes áis a sua y-alma  
ceiba a eito.

Só ali s'óucen acariños  
que n'o ouido d'o adourado  
marmullando  
gasallosos e morniños.

festexar ó Santo amado  
van tembrando.

Surden meigos os dices,  
surden dolces os falares,  
pr'o meniño,  
que a firiu c'os seus fuxires  
que a meigou c'os seus ollares  
de santiño.

Alí a mûseca mais branda  
un concerto donde e lindo  
vai formando,  
y-os ecos de banda a banda  
lembros d' amor repetindo  
van cantando

Alí con ansia crecente  
tod' à mel d'os seus dolzores  
vay surdindo,  
pr'a acariñar loucamente  
a aquil Rey d'os seus amores  
qu' é tan lindo!

Todo e culto fervoroso  
pr'aquil home aloumiñado  
tenramente,  
cal si tose o dolce esposo  
sin s' haber il porcatado,  
nín a xente.

Chegou a morte arrincando  
d' iste mundo o ouxeto vivo

d'a ilusión,  
y-é somente estonces cando  
deixa ver ela o ferido  
corazón.

Son estonces os chorares  
desbautízase en xemires;  
crama, berra;  
vertendo bágoas a mares  
pois consolo pr'os sofrires  
n' hay n'a terra.

«Corazón é o d'a muller  
qu' en curruncho mistereoso  
moy profundo,  
unha imaxe sempre ha ter  
qu' ela furta o ollar curioso  
d' iste mundo».



## O SOLTEIRÓN

---

Eu nunca fun d' ises  
que fan seu encanto  
d'as mil chilindrainas  
que a moitos pôñ parvos,  
e que d'o casorio  
correxo obrigado,  
han ser casi sempre,  
por nosos pecados.

Xamais fun eu d' ises  
«probiños» ricachos,  
que pasan a vida  
n' un puro traba'llo,  
xuntando o que outros  
en dote han papalo.  
Nin d' ises que Otelos  
se volven, coitados!  
si lle ollan pr'a femia  
con quen s' axuntaron.

Non fun carceleiro  
de mistecos anxos  
qu' os miolos sarela  
ventando coidados,  
que xoten celosos  
ó mozos gabachos,

qu' estan á que salta  
y-a axexan os cartos.

Moy ben m'as compoño  
y-eu só ben m' arranxo,  
con moza xeitosa  
que fay seu traballo,  
de modo que deixa  
contente a seu amo.

En canto que entendo  
que debo tomalo  
xa un bón chicolate  
n'o corpo eu embarco.  
Manxares d'os finos  
¡han ser de regalo'  
n'o cabo d'o dia  
y-a noite n'o est majo  
tan logo me peta  
correndo xa zampo.  
Pr' axña facclo  
ninguen eu agardo.  
Si a fame m' apreta  
n' un bríneo eu a mato.  
con ovos, xamón,  
cabritos ou galo.

En canto que como  
xa estóuno paseando.  
Muller eu non teño  
que poña reparos,  
nin fillos que veñan  
perm' acedo o caldo.

En tod' o meu reino  
son eu soberano  
sin virme a míñ nadia  
turrar po-l-o rabo.  
Entrei cando quixen,  
si quero xa silio;  
acóstome as tres,  
ou fixeno as catro,  
y-erguinme moy cedo  
si cadra, ou m' achanto  
si o dia e sieiro  
n'a piltra eu o paso;  
s' está caloroso  
pois vou car' o campo  
y-estúmbom' o acuugo  
d'os rexos carballos.  
A li panza arriba  
y-a ollar cara os astros  
remexo n'a chola  
cen mil calandrarios  
pensando de cote  
n'os grandes traballos  
que moitos por burros  
n'a terra pasaron.

De canto me peta  
lacer, todo fago;  
agora me deito  
despois me levanto,  
pr'a estar sempre a xeito.  
n' agardo a estar canso  
se sinto un deseyo  
sen pronto a matajo;

de min son o dono,  
señor d'os meus autos;  
de tod, cs antoxos  
o xeñe son nado,  
¿Hay nada millore  
qu' a vida qu' eu fago?  
O tal casamento  
á teima a gabalo  
poetas que tolos  
cen bés lle colgaron,  
¿cortexo ademite  
co meu ceibato?  
Estou louco co' ile  
y-ei sempre cantálo.  
Doctor n' hay nin Príncepe,  
Banqueiro, Escrivano,  
Caudillo truntan'e,  
Poeta acramado,  
Alcalde, Menistro,  
nin Rey qu' e o mais alto  
qu' esté coma min...  
¡si está xa casado!



## UN BRINDIS (1)

Despois de outras cen manias  
 din agora n'a d'os versos  
 y-así éi dir o qu' estes días  
 me fond'en malencolías  
 por conceutos moy diversos.

Cantos n'<sup>e</sup> este Madri amamos  
 á meiga d'a nosa terra  
 si xuntarnos precurramos  
 atopámonos en guerra  
 inda ben non n'os xuntamos.

Hay moito gallego bon  
 d' ises que têm alma grande  
 d' ouro fino o corazón  
 pro hay moitisme chismón  
 qu' empide que o carro ande.

E necesario xotalos;  
 si para adiante s' ha d' ir  
 temos que a todo acodir  
 e sí fay falla apupalos,  
 hastra facelos fuxir.

(1) Leido por el autor en el banquete celebrado en el Centro Gallego de Madrid en obsequio al Presidente del de la Habana Sr. López Pérez.

Que se axuntan tod' os bós  
pr'a facer a espurga a xéito:  
si n' atenden as razós  
botalos fora a empuxós  
si cadra... a ruzos n'o peito.

Hay que volver pol-o hon or  
que aldraxado il ben está;  
inda ente pol-a mañá  
vinme a cara co' a color  
roxa, como unha mazá

Chamados eiquí viñemos  
nantronte entrada xa a noite,  
os que d' artista algo temos  
y-á Curros loar quixmos  
¡sin topar quen n'os escoite! (1)

Crobiseume o corazón  
de delor e de vergonza  
por non saber a razón  
de tan estrana austención  
ouvera dado unha onza.

¿É qué morreron pr'a sempre  
os ideyales mais caros?  
¿ou volvémonos tan raros  
que non temos xá nin tempre  
para ollar pr' os astros craros?

A palabra verdadeira  
propria, limpia, musical,

(1) Se alude á la velada en honor de Curros, proyectada por el Centro Gallego, y que no pudo celebrarse por falta de concurrencia.

infalibre é imortal  
encanto d'a terra intira  
d' un Poeta é o sinal

Curros tivoas e sin pares;  
recolleando as armonías  
d'a nosa terra e seus mares,  
en soóras melodías  
fundíunas n'osseus cantares.

?Y-emos têr almas mezquiñas  
pr'a lle outorgar noso amor,  
o que o mundo enganador  
corcando foy de espiñas  
por meterse a redentor.?

Canta verdade s' encerra  
n'c que acabo de decir;  
sempr' en loita, sempr' en guerra;  
«Os Aires d'a miña terra»  
non me deixarán mentir.

{Coitado Poeta! inda agora  
que a piedade benfeitora  
crobe amorosa teus osos,  
háiche quen dí que jind' agora!  
antre nos fés envexosos.

Pro éu tal cousa non creo;  
eso non ha de ser verdade  
tal exemplo d' impiedade  
non pode aniñar n'o seo  
d' un anxel d'a caridade

¡Volvamos, pol-a honra nosa!  
Que non se diga: ¡pois sonos;  
xente roin, envexosa,  
os gallegos, tiña axosa,  
que os pón por baixo d' os monos!

Uu saúdo o Presidente  
d'o noso Centro n' Habana;  
e vóulle pedir somente  
que n'os deixe eiquí a semente  
d' aquela entidá tán sana.



## OUTRO BRINDIS <sup>(1)</sup>

Un saúdo pr' o campión  
d'os intereses gallegos,  
e d'os de toda a Nación  
por quen non precura empregos  
nín politeca opinión

Podo pois representar  
ésta pántega iñorante, (2)  
que o quere eiquí saúdar  
mesmo agora n' iste istante  
e que non sabe brindar.

N'o nome de todos îles  
erg' o meu vaso de viño  
pr'a brindar pol-os xentiles  
feitos, d' iste galleguiño,  
que apreixóu neso cariño

Eu nunca te coneçín;  
sei de tí o que fala a xente,  
pro n'a miña vida vin  
arrulado ningún ente  
con loanzas tan sin fin.

(1) Escrito para leer en un banquete proyectado en el mismo Centro en honor al Sr. González Besada, que su proverbial modestia le obligó a rehusar.

(2) El autor brindaba en su nombre y en el de unos cuantos modestos comerciantes e industriales de Madrid, naturales de Galicia.

Enchíse-me o corazón  
d'e pracer moy argulloso  
vendo que toda a Nación  
fillo seu iste irmán noso  
nos nembra por adoución.

Porqu' esto pasa eu ben sei;  
mentres outros gobernantes  
pensan lles impón á Ley  
que os bés d'o Estado estían antes  
il, os d'o povo pon diantes.

Colléu con esa labor  
tal renembro a sua figura  
que non topo outra millor,  
dend' as veigas d'o Segura  
o Miño d'o noso amor.

Sinxelo com' o primeiro  
certo dia derradeiro (1)  
(alguén que m' ouce era ai qui)  
onde hay tanto parliqueiro.  
dixen o que nadia di.

E sinxelo e conseciente  
agora esta testa abato  
y-o meu coraz'n desato  
n'as loas couque oxe a xente  
crobe un peito tan ardente  
en cariños pri' esa terra.


Reina d'os nosos amores,  
que os osos se nos aferra,

(1) Se atude al anterior brindis.

cal a retiña as colores  
d'os paisaxes qu' en si encerra

¡Señor González Besada!  
fuches en toda ocasión  
o mais valente campión  
d'os intereses d' amada  
Galicia e tod'a Nación

Este fato d' ignorantes  
d'os que a cabeza eu estou  
que si cencia n' inventou  
teu corazón de brilantes,  
un encárrego me dou.  
de te saúdar ardente  
co' a mais sentida expresión,  
decíndoche: «tod' a xente  
qu' en Galicia usa rezón  
satisfeita está e contente  
de que un fillo d'a rexión  
que a nos todos diu o ser,  
veñ' aquí en Madri poñer  
tan alto, o nobre pendón  
d'a terra que o viu nacer».



## Diante a unha coba

Tenro corpiño de mullér amada  
tan limpo, tan soave, tan xeifoso;  
Alcázare xentil, meravilloso  
qu' en mármoles gardóu unha alma aáda

Contigo á morte foi despiadada  
segando en fror n'ise horto tan frondoso  
tanto e tanto feitizo esprendoroso  
que se somiu pr'a sempre xa n'o nada!

Foi triste o sino teu; unha caixiña  
xioeiro fráxil é donde pechado  
quedou pr'a sempre o amor y-a groria miña.

Si n'has vir pr'ón d' a min o ser chamado  
prestarme o teu calór, que veña axiña  
a degoxada morte qu'eu acado!



## ANTRE VELLOS

Pilaríñal coitada Pilaríña!  
vaste vendo n' o cabo d' os teus anos  
co' a crôa virxinal d' unha meniña,

Un encanto pr'a tod-l-os cristianos  
eran xá (ben me alembro) o nena seres  
aquiles teus feítizos soberanos.

O chegares os quince abris a teres  
de prano confesabán tod' ás xentes  
qu' eras ti a primeira antre as mulleres.

Fomos trinta quizáis teus pretendientes;  
con todos argüllosa fuch' e dura  
baténdonos co' a porta contr' ós dentes.

Foiche vindo de presa a catadura  
d'a carimocha e grossa axamonada  
sin amores bendirche o señor Cura.

Iña agora Pilara n.' es casada  
que d' aquiles feítizos de lindeza  
descant' ha, no teu corpo n' hay xa nada!

Mirreras p'ois velliña, co' a p'oi eza

que foy admirada eiquí por tantas  
dende o ermo marxal d'a sua probeza.

D'a virtude alforxáte n'as mantas  
y-así tés qu' ir pra coba, Pilariña  
como foron pr'o ceo moitas santas.

Lâstem' e miña carrapucheiriña!  
¡Va pur Dios! com' há ser, santa mullere!  
Agora... ¡xa non hay que lle facere!  
y-estonces... ¡ay..! a culpa non soy miña!



\* \* \*

Quén o ver por un camiño  
agora eiqui, e logo alí  
tropezando  
pr'os seus botós — «Coitadiño!» —  
— ben seguro estou que dí —  
«vay soñando!»

Vay soñando o coitadiño  
non s' engana, non, quen pense  
d' ise xeito,  
nunca os tropezós n o víño  
ten orixe, as causas vense  
n'o seu peito.

N'o seu peito as causas vense.  
pois a imaxe drento leva  
moy crabada  
d'a que sin piedade tense  
tan bulrado d'a sua freba  
namorada.

D a sua freba namo ada  
que cor áxes fríu dura  
canto quixo,  
que se viu sempre aldraxada  
cando amor ésa criatura  
louca dixo,

Diga agora quien o ver  
cando s' o por un camiño  
vay, soñando  
si razón íse home a ter  
pr'a sempre ir o coitadiño  
tropezando.



## ¿A QU' IRÁN?

Tres ou catro  
rapaciños  
que xeneira  
tén os libros,  
y-o que chaman  
seu presidio,  
qu' é a escola  
pr' ós endinos,  
de correla  
cal pardillos,  
pol-os éidos  
tén cubizo,  
y-en chegando  
Mayo lindo,  
co' cortexo  
de feitizos,  
d'os seus campos  
frolecidos,  
que churuman  
os sospiros,  
namorados  
que antre bicos,  
céiba a brisa  
leda os brincos,  
susoso as prantás  
d' os enxidos,

sus' os carballos y ós pinos,  
 antes que haxa  
 tardecido  
 cand' o Sole  
 quenta fino  
 sin coidarse  
 d'os seus bicos  
 que fan ronchas  
 n'o pelico,  
 car' os eidos  
 car' os trigos  
 van choutando  
 contentiños  
 co' a alegria  
 qu' os moy pillos  
 senten lonxe  
 d'os seus libros.

Cada neno  
 n'o bursillo  
 catro pallas  
 garda, ou cinco  
 pr'a con elas  
 y' acotío  
 ir furgar  
 n' uns buratiños

;Como berran!  
 ;Qué de brincos!  
 ;Canto canto  
 y-asubio!

¡Como reviran os ollos  
contra unha nena que viron  
apañando maraballas  
a direita antre unhos vímios!

—  
¿A qu' irán  
os raparigos?  
¿A qu' irán  
choutando e rindo?  
¿A qu' irán  
coma louquiños  
pol-os éidos  
pol-os trigos?...

Ben seguro  
van os grilos.



## Dende Celta-nova <sup>(1)</sup>

As cinxas sagradas  
d'o noso Poeta,  
¿pr' ónd' é qu' elas foron?  
¿quén é que as detenta?  
¿Quén n'os rouba o pracer 'tan amado,  
d' eiquí perto telas,  
pr'a que as pidan bicar amorosos  
os prácodos ventos que baixan d'a serra?

Díreito é d'o povo  
d'a sua nacencia  
¿quén pode preitealo?  
¿quén é que lle nega  
ésta vila qu' está esconsolada  
chorando por elas  
jesas Cendras! seu rico tesouro  
que quere mimosa coidar coma pe'ra?..

O teu pensamento  
conezo ;Oh Poeta!  
N'os últemos tempos  
co' a morte xa perta  
escribiche unhos versos pedindo

(1) Leida por el autor en la velada necrológica que en memoria de Curros Enriquez, se celebró en su pueblo natal, Celanova, el 6 de Octubre de 1908.

de morto fixeran  
 que os teus osos d'ormisen pr'a sempre  
 n'a terra sagrada que ós Pais oxe encerra.

:N'a terra adourada  
 d' encantos de méiga  
 y-en donde nacches  
 con brilos d' estrela;  
 que consolo n' alcontra a probiña  
 que non s' asosega,  
 mentramentres teus ósos non vayan  
 dormir n'o seu seo mais santa facéndo!

:N'a terra sagrada,  
 e d' iles a espera  
 d'os Pais din que os osos  
 doentes se queixan!  
 Hay quen xure que os ouce deante  
 de noite xa pecha,  
 congoxados solouzos ceibando  
 por qu' ises osiños n' están alí a veira


Dín que ós d'a Naiciña  
 consómeos a pena  
 de dia e de noite  
 chorando sin trégola  
 os coitados sosego n' atopan  
 namentres non vexan  
 que as cendriñas d'o fillo adorado  
 compaña lle fagan, ali o pé d'as d' ela.

¡A branca pombiña  
rulándose tenra!  
¡A mártir escura  
que tí Gran Poeta,  
en lamentos tan brandos cantabas  
con lira patética,  
os seus osos non pode ver lonxe  
d' aquiles osiños... ¡qué foron os d' ela!



# **Versos d'os Poetas crásicos castelans**

(VERSION GALLEGA)



## Versos d' os Poetas crásicos castelans

---

(VERSIÓN GALLEGA)

---

### DIOS

---

(ONA)

E Dios n'o dar de peito tan fidalgo,  
y'e tan rica en facelo a sua maneira,  
que si a ningúén lle dá tod' o que queira  
ó fin, a nadia deixá de dar algo.

### O HOME

---

(F. D'A TORRE)

Somentes o home se rí  
ní un outro animal o fai  
somente il se rí e ningún  
ten' mais razón pr'a chorar

## MUNDO

(XORXE MANRIQUE)

Iste mundo é o camiño  
para o óutro qu' é morada  
sin delór,  
pro compre ir moy a modiño  
pr'a facer esa xornadía  
sin error  
Postos a andar o nascer  
mentres hay vida corremos  
e chegamos  
a hora en qu' hay que morrer,  
así que cando morremos,  
descansamos.

## VIDA

(RIOXA)

¡Nosa vida n'é mais que un curto dia  
n'o que o sair o Sole xa se perde,  
antre ás tréboas mortás d'a noite fría!

(RUIZ D' AGUILERA)

Decindo está o cigarro  
o qu' é esta vida,  
fogo d' unhos instantes  
fume e mais cinsa.

(F. F. DE PESADO)

N'a vida n' hay sosego;  
ora mansiño rego  
ou cal sin diques montarás torrente  
camiña sin refolgo ó mar ruxente.  
Crobe teu leito d' amorosas frores  
y-a atoparás espíñas e doóres.

Ditosa si mantés  
n'os males e n'os bés  
grorias e penas en igual balanza  
e soilo en Dios encerras tua espranza.

(CAMPOAMOR)

¡Con canta fede un levara  
esta vida si poidera  
chorar, cando deseyara  
e morrer, cando quixerá!

(CALDERON)

Sendo a vida com'a frore  
que si co' Sole amañece  
tamén morre cand' o Sole.

## SAÚDE

(SOR XUANA INES D'A CRUZ)

A saude estima o sano  
pro mais s' é qu' estivo enfermo  
si o que ve ben, quere a vista;  
millor a quér quen foy cego.

## (CAMPOAMOR)

O tempo á vida fay boa,  
 tan só a míñ me torce á cara;  
 si triste estou, enton para;  
 si estou contente, enton voa.

M. A. PRINCEPE

Con sasenta minutos  
 a hora resurta,  
 que unhas veces é longa  
 y-outras e curta;  
 quen o non crea  
 teña un dia de ditas  
 y- outro de penas.

## (XORXE MANRIQUE)

Desperte a y-alma dormida,  
 afince os ollos de sorte  
 que contempre  
 como vay fuxindo a vida,  
 como se aveciña á morte,  
 perto sempre;  
 que axiña voa o pracer,  
 como logo relembrado  
 da delor.  
 como a noso parescer  
 calquera tempo pasado  
 foy millor.

## MORTE

(RUFO)

A vida é un lónxio morrer  
y-ó morrer e fin d'a morte;  
percura morrer de sorte  
qu' escomeces vida a ter.

(CAMPOAMOR)

Pensa con oílos serenos  
como e cando has perecer,  
pois sendo o mais o morrer  
o como e cando é o menos.

## ETERNIDADE

(SANTA TRESA DE XESUS)

Aquela vida d'a arriba  
é a vida verdadeira,  
que mentres qu' esta non queira  
me deixar, eu non son viva.

M. D<sup>º</sup> ACUÑA

Pro jnon!... tua misión n'está finada  
que nin d'ó-nada ven nosa saida  
nin o punto o morrer ven sél-o nada.  
Circolo a vida y-é; moy mal facemos,

cand' ó querer medila lle asiñamos  
un berce y-unha coba por extremos.

(RUIZ D' ALARCON)

Un home tan so meresce  
cando é qu' e serio ise nome,  
porqu' en rindose, xa un homo  
home a min non me paresce.

(D' O MESMO)

Non pode sair verdade  
d'un home, foy mintireiro  
pol-as contas xa o primeiro  
qu' ouvo alá n'a antiguedade.

Mintira é sua maxestade;  
mintira sua perfeución;  
suas bágoas mintira son,  
e suas auciós son mintiras,  
o fin, cantos homes míras  
viventes mintiras so.

## A MULLER

(CERVANTES)

Din qu' é de vidro a muller,  
pro millor e non probar  
si se pode ou non crebar  
que todo poidera ser,  
y-é mais fácele o crebarse  
e non é cordo poñerse

n'o caso de desfacerse  
o que non pode soldarse.

(RUIZ D' ALARCON)

{Qu' é o que sempre condenamos  
n'as mulleres? E por ser  
d' incostante parescer?  
Somos n'ós que as ensinamos.

(CALDERON)

S' admirarme fora  
d'algo n'o mundo, había ser agora  
d'a muller. Cando lía  
n'os meus libros cheguéi a ver un dia  
que, antre o que a Dios maor estudeo debe  
vése o home por ser un mundo breve:  
pro agora xa creo  
é a muller por ser un breve ceo  
de mais feitizo encerra  
qu' o home, canto vai de ceo á terra.

(SOR XUANA INES D' A CRUZ)

Homes nescios que acusades  
á muller tan sin razón,  
sin ver sodes a ocasión  
d'o mesmo de que a culpadés.  
Si en loita tan desigual  
percurades seu desden  
¿como queréis que obren ben  
si as tentades so pr'o mal?

• • •  
¿Queredes con ánsia necia  
atopar n'ela quizais,

o cortexala, unha Tháis;  
donos xá, unha Lucrecia?

¿Que humor pode ser mais raro  
qu' o que falto de consello  
il mesmo lixa o espello  
e dóise de o non ver craro?

Co' favor e co' desden  
tendes condicion igual,  
con queixas si tratan mal,  
con bulras si queren ben.

Sempre tan necios andades  
con tan destinto univel;  
si unha culpades de cruel  
de facele outra culpades.

E... ¿como é que ha estar temprada  
a que o voso amor pretende?  
si non quere... ¡tanto ofende!  
si é tácele... ¡tanto enfada!

Dan vosas amantes loas  
a suas libertades áas,  
despois de facelas máas  
queredes topalas boas.

¿Quen culpa maór ten tido  
cando unha pasión é errada,  
a que cai xa de pregada  
ou quen prega de caído?

¿E quen é mais de culpar  
anque calquera mal faga,  
¡a qué peca pol-a paga  
ou quen paga por pecar?

Pois, ¿porqué vos espantades  
d' esa culpa que vos tendes?  
Querelas cal as facendas  
ou  
facelas cal as buscades.

## MATRIMONIO

(CALDERON)

N' está ben que que unha mu ler  
porqu' en bon berce nasceu  
case con quen nunca veu.

(D' O MESMO)

Muller que ha dé selo miña  
mentras viva iste cristiano  
que decote eiquí connigo  
ha partir o leito e caldo,  
jhám' a precurar pr'a min  
o gusto d'os meus vasalos,  
meus deudosos ou amigos  
á parte comigo entrando,  
primeiro sua comenencia  
qu'o meu querér, arrichado  
á morrer aborrecendo  
o qu' éi de vivir amando!  
¿Qué fay que sexa fermosa  
si sempre xuntas n' hachamos  
fermosura con ltmpeza  
unha e cen veces probando,

que non logra a fermosura  
aque'l non sey qué d'o garbo?

Nudo ó matrimonio chaman;  
non quero que alleo tauto  
lle dea o nudo; éi ser sóilo  
quen ha saber cando o fago  
medir ben co' sofremento  
s' apreta ou n' apreta o lazo,  
porqu' eso d'a fermosura,  
pompa, esprendor. lostre e fausto  
quédase en farrapos todo,  
e sóilo cheiga os meus brazos  
o pracer con que con ela  
a mitá d'o gozo parto...

Muller a meu xeito quero;  
seu dote ha de ser meu agrado;  
quen se vende n' outra forma.  
non e marido qu' e escravo

(L. F. DE MORATIN)

Non precisa  
máis cordas, nin más venenos  
quén se casou os setenta  
con rapaza d' ollos negros.

## ESPOSOS

(CASTILLEXO)

Cando Dios o fixo todo  
y-ó home formó u primeiro

xa sabedes, d' un lameiro  
 pr' o facer, sacou o llobo;  
 mais con Eva deixou prova  
 debemos mirar por ela,  
 o sacala d'a costela  
 por obra sotil e nova;  
 e mandou  
 que o home que asi criou,  
 Pay e Nay il desfeitase,  
 e que á muller se axuntase  
 que por parexa lle dou  
 singular  
 pr'a facerlla ben coidar  
 como á mesma sua presoa  
 por aspello e por coroa  
 n'o que se ten que mirar.

(LOPE DE VEGA)

Que veña un home pr'a casa  
 cando ven ó mundo o dia,  
 que o goberne a fantesia  
 po' liberta de home pasa  
 (¿quén lle pode poñer tasa?)

Pero aquí que con desprecio,  
 trate a unha muller de precio  
 de qu' he casado esquecido,  
 ou se quere ver perdido  
 ou ten il moito de necio.

O Duque quizais a sér  
 d'os que teñen a opinión  
 qu' en collendo a posesión,  
 queren n'a sua casa ter

como unha xoya a muller  
 pr'a adorno seu, lostre e gala  
 silla ou escritorio en sala;  
 y-a cousa así n' está bén  
 que a que marido bon ten  
 nunca se fay muller mala

A muller d' honesto trato  
 ven a casa a ser muller  
 que non ha de vir pr'a ser  
 silla, escritorio ou retrato,

Basta que sexa o home ingrato  
 sin ser a mais descortés;  
 y-é millor que darlle fogo  
 a algún pensamento estrano,  
 non dar ocasión o dano  
 pr'a tér que choralo logo

(D' O MESMO)

A muller que ha selo miña  
 gardada ha estar n' unha caixa,  
 com' o vermiño d'a seda  
 bastra ser pombiña branca.

(FRAY GRABIEL TELLEZ)

E nunca entenda de ti  
 que d'o seu amor non fias,  
 pois vendo que desconfias,  
 todo che ha facer asi.

Co teu mesmo sér a iguala,  
 mimá, sirvea, regálala  
 os celos non ch'os perdóa,

ningunha muller ch'é boa  
si vé que a teñen por mala.

## FOGÁR É FAMILIA

(RIOJA)

Probe d' aquil que fuxe e se dilata  
por cantas terras hay e cantes mares  
cubizando soilo o óuro e mail' a prata.

Un curruncho me chega n' logár  
un libro, un bon amigo e un sono curto,  
que non crebanten deudas nin pesar.

(FRAY GRABIEL TELLEZ)

Casa sin Pai nin Esposo  
é cal cáceres qu' está  
sin carcelleiro celoso.

## PÁIS E FILLOS

(CALDERON)

Aldaxes d' un Pái que carga  
sempre á conta sua o ceo,

(D' O MESMO)

Cando un Pái a un fillo chega  
a poñerlle a maù, por eso  
non deixa de terlle amor,  
antes ll' o amosta maór,  
que por que o quer con esceso  
é porqué lle bate só,  
facendo d'o dor regalo,

porque seu fillo foy malo;  
pro non porqu' il non sea bó.

## CRIADOS

(OÑA)

O servo non ha de ser sempre aldraxado  
como fan os que cal un trapo pono,  
pois tamén se revolve contr' o dono  
un animal domésteco apurado.

Quen pasóu a noite enteira trasnoitado  
queda logo caíndose c'o sono;  
conven o fin en todo tanto o orde  
que a misma bondá e mala con desorde.

(FRAY GRABIEL TELLEZ)

¡Qué n' ún laído criado,  
tope en miña aversidade  
ceos! a fidelidade  
que non teño inda topado!

En tal parte, ¿tal tesouro?  
¿Tal amor? ¿Ley tan estrana?  
Pro sí; que n' unha montaña,  
non n'a Corte, nasce o ouro.

(RUIZ D' ALARCON)

Teñen os probes criados  
a fama d' interesados  
de pouco peso e valer.  
¡Pese a quen o pense! Andamos

co' a cabeza eiquí os serventes?  
 ¿Teñen as a'mas difrentes  
 en especie os nosos amos?  
 Mil criados, ¿non tén sido  
 nobres coma seus señores?

Ser cativos ou maores,  
 o servir ou ser servido,  
 en mais ou menos riqueza  
 ha estar sin dúbida algunha,  
 y-é diferencia de fortuna  
 que non he de natureza.

## PATRIA

(CALDERON)

¡Qué alegre cousa ha de ser  
 despois de que un chora fora  
 a Patria, volvela ver!

(MORATIN)

¡Ouh! Gran romano!  
 ¡Fillo fiel d'a tua Patria! O soberano  
 que gran Pai é d'cs Dioses celestiás  
 déche trunfos o teu deseyo iguás;  
 pois tenos teu exemplo xa ensinado,  
 que anque reine n'o peito namorado  
 d'a fermosa consorte, regalada  
 o tenro afeuto, doce e verdadeiro,  
 o santo amor d'a Patria é o amor primeiro!

(XUSE M.<sup>a</sup> GUTIERREZ)

A Patria e o amor, o entusiasmo, a groria,  
alento a Patria e d'a humanidá;  
a costante visión é d'a memoria;  
o sono éla é d'a noite e d'a maná

## NACIÓN

(FRAY GRABIEL TELLEZ)

Que n'os mais d'os seus prenóstecos  
o povo h̄a sair proféta

## REY

(D<sup>º</sup> O MESMO)

O Rey que os axes pe lóa  
feitos a sua Maxestade,  
falta a si mesmo, pois costa,  
tanto de xusticia o cetro  
canto de misericordia.  
y-estas tén que ser iguas  
faltando unha si outra sobra.

(ULLOA PEREIRA)

As fadigas costumados os Réis xustos.  
hastra o nome han de iñorar que tén os gusto.

## VASALOS

(FRAY GRABIEL TELLZEZ)

Teñen por norma os vasalos  
d<sup>º</sup> asomellarse o seu rey

n'as costumes e n'a ley,  
 si da en armas y-en cabalos  
 soldados e cabaleiros  
 son o saibo y-ó iñorante;  
 namorados si é amante;  
 si cubiza lisonxeiros.

Din que aló en Indias hay xente,  
 que porque un cacique viroñ  
 sin un dente, todos diroñ  
 en tirarse axiña un dente.

## XUSTICIA

(D' O MESMO)

Mal a xusticia precura  
 quen n'os seus preitos iñora,  
 que muller preiteadora  
 empárase, en hermusura;  
 por si en min velo quixeret,  
 mais efeuto vin facer  
 sempre o seu bon parescer,  
 que os mais saibos paresceres.

(CALDERON)

Xuez que foy delincoente  
 perdoa moy facilmente.

## AMOR

(LOPE DE VEGA)

Amor que perde ó honor  
 miramiento, e vil deseyo,

e sendo apetito feyo  
non pode chamarse amor.

- Amor fündas' en querer  
o que quér quen se dereya  
que amor que casto non seya,  
nin é amor, nin pode ser.

(CALDERON)


Sáibo ha de ser o amor gardando a fama  
d'a presoa qu' estima hermosa e grave,  
porque non sabe amar quen soilo ama  
o corpo, si é que a y-alma amar non sabe.

Sóilo ha ser il tamén; sóilo unha dama  
ha de coidar en cáceré soave;  
que un escravo non serve á douis señores  
nin collen n' unha y'alma douis amores.

Soliceto il a ser non precurando  
ocasiós d' alcontrar pracer somente,  
si non as d'o delor, ademostrando  
que o gusto estima y-os pesares sente.

Sacreto o fin, pois ha de calar cando  
algún favor ou auto algún intente  
y-así será amor, sendo prefecto  
sáibo, sóilo, soliceto e sacreto.






# ÍNDICE

	Pág.
Cendras d'os Páis amados, qu'eu relembrei con pranto . . . . .	5
Impeñitente . . . . .	6
Melióribus annis . . . . .	11
A miña sobriña e afillada Clotilde Román Méndez . . . . .	15
Amores tan puros. . . . .	17
A festa d'o San Trocado. . . . .	19
Sunt Lacrymæ Rerum . . . . .	27
No Convento d' os Frades . . . . .	30
Saudades. . . . .	35
O meu primeiro amore. . . . .	40
<b>CATRO FAULAS.</b> —O Rato d'a vila y-o Rato d'os campos . . . . .	41
O lobo y-o año. . . . .	43
O carballo y-o rosal . . . . .	45
O burro y-o cán de Lás. . . . .	48
A unha fror. . . . .	50
A pregaria . . . . .	51
Dubidas. . . . .	54
Brisas doces e lixeiras . . . . .	55
As párolinhas co'a Lua . . . . .	57
Carta aberta. . . . .	60
A Alfredo Nan de Allariz . . . . .	63
Car' o feirón . . . . .	64
Consello van . . . . .	71
¡Sabeliña! . . . . .	73
O millor poeta . . . . .	76
¡Com' a terriña xa non vin outral! . . . . .	79
Andan falas antre as xentes. . . . .	85
O solteirón . . . . .	89
Un brindis. . . . .	93
Outro brindis . . . . .	97
Diante a unha coba . . . . .	100
Antre vellos. . . . .	101
Quén o ver por un camiño . . . . .	103
¿A qu' irán? . . . . .	105
Dende Celta-nova. . . . .	108
Versos d' os Poetas crásicos castelans. . . . .	111

## FE DE ERRATAS

Pág.	DICE	DEBE DECIR
13	¡Non dou co' iles! soa esperencia	¡Non dou co' iles! só a esperencia
25	O virar un dás cabezas	O virar ind' ás cabezas
53	E... ¿quén nos dice esa lús	E... ¿quen nos diu esa lús
68	Berrándolle jaus! media volta	Berrándolle jaus! media voletá
74	Que corpo e y-alma me queiman	Que corpo e y-alma me quemá
76	A esta máxica bebida uxé	A esta máxica bebida
82	Tan fregadiñas	Tan fregadiñas
83	N'o aire foron	N'o aire foran
85	Y-endiferente	Y' endifrente





REAL  
GA  
A C

2

Bibli

ACAD  
ALEG  
CORU



Dte